



ÁREA DE IGUALDADE - CIM



IV Plan de Igualdade

CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA

MAIO 2022



ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE AXENTES DE
IGUALDADE DE OPORTUNIDADES GALEGA

-Índice-

-Introdución: Un novo Plan-.....	2
-Avaliación do III Plan de igualdade-	5
-Metodoloxía-.....	9
-Principios reitores-	11
-Marco xurídico-.....	13
-Áreas e obxectivos-.....	17
-Áreas, obxectivos e actuacións-.....	22
-Avaliación-	56
-Anexos-	58

-Introdución: Un novo Plan-

As políticas públicas de igualdade teñen como finalidade garantir que mulleres e homes poidan participar de forma igualitaria en todos os ámbitos da vida (económica, social, política, toma de decisións, etc.).

O plan constitúe unha serie de obxectivos, medidas e decisións adoptadas polas institucións públicas para fomentar a igualdade entre mulleres e homes coa finalidade de mellorar a situación e posición das mulleres na sociedade. Estas serven para corrixir e/ou compensar as situacións de desigualdade e discriminación existentes, e teñen como finalidade contrarrestar os efectos producidos pola socialización de xénero garantindo un modelo social baseado en parámetros de igualdade.

O Concello de Vilagarcía de Arousa ten unha longa e coñecida traxectoria no desenvolvemento e implantación de políticas de igualdade. Entre elas, cabe destacar a elaboración e posta en marcha de tres plans de igualdade e a implantación de diversos recursos e servizos específicos dirixidos ás mulleres entre os que é importante salientar a Área de Igualdade como servizo de referencia que proporciona información e asesoramento dirixido a fomentar a igualdade real das mulleres. Polo tanto, como administración que debe velar polos dereitos de toda a cidadanía, asume a responsabilidade de impulsar políticas públicas que favorecen a igualdade real entre mulleres e homes. Neste sentido, este novo plan supón a continuación e profundización no desenvolvemento das políticas de igualdade que se veñen levando a cabo neste Concello.

O IV Plan de Igualdade Municipal do Concello de Vilagarcía de Arousa 2022-2026 constitúese como o documento que determinará as políticas de igualdade a desenvolver nos vindeiros catro anos. Pretende dar continuidade ao traballo emprendido no anterior plan de igualdade poñendo en marcha accións que teñen como obxectivo impulsar e fomentar o desenvolvemento dunha cidade onde mulleres e homes gocen das mesmas oportunidades en todos os ámbitos da vida.

Este PIOM constitúe o instrumento fundamental de actuación do Concello de Vilagarcía para eliminar as desigualdades de xénero. É unha ferramenta para a promoción da equidade entre mulleres e homes. Este Plan proxectouse para os catro próximos anos e indica o camiño para construír unha vila na que as mulleres sexamos máis visibles e participemos de maneira activa socialmente; na que as tarefas domésticas e de cuidados estean distribuídas de maneira máis equitativa e xusta; na que a pobreza e a precariedade, que actualmente teñen rostro de muller, vaian desaparecendo; na que podamos gozar dunha vida libre de violencia; e na que se recoñeza e defenda a nosa diversidade sexual, cultural, relixiosa, funcional ou nacional.

O Plan de Igualdade defínese nun contexto de cambio no que se están producindo varias crises ao mesmo tempo —económica, de sustentabilidade dos coidados, ecolóxica e de representación—, que teñen un impacto significativo na desigualdade entre mulleres e homes.

No ámbito local temos máis instrumentos de proximidade para revertir a situación de desigualdade de maneira directa. Grazas ás políticas locais temos a oportunidade de mellorar o sistema representativo, revitalizar a democracia e restablecer a confianza cidadá nas institucións.

Un dos obxectivos deste Plan é fortalecer os mecanismos de participación política, social e tecnolóxica das mulleres, e traballar no recoñecemento das súas voces e dos movementos feministas. Só así será posible avanzar cara unha Vilagarcía amable, sostible, accesible a todas as persoas e verdadeiramente inclusiva. En definitiva, unha Vilagarcía feminista.

Con todo, as desigualdades existentes entre mulleres e homes tamén se deben a unha crise máis profunda e histórica, a dos coidados, que é froito dun sistema de provisión de organización social no que tradicionalmente as mulleres encargáronse en exclusiva ou case en exclusiva do traballo doméstico e de coidados, sen recibir recoñecemento simbólico nin económico, o que as situou en peor posición no mercado laboral, fixoas asumir máis traballo e desprotexeunas na xubilación e a vellez. As mulleres e os movementos feministas expresaron o seu rexeitamento a esta división sexual do traballo, fortemente arraigada na nosa sociedade e que tamén provoca desigualdades entre as mesmas mulleres, porque o traballo dos coidados trasladouse ás mulleres máis pobres e migrantes. Ante un sistema de coidados desigual, necesítase unha resposta social e política contundente non só para satisfacer o dereito de toda persoa a ser coidada, senón tamén para defender os dereitos das persoas coidadoras. Ademais, solicítase que as administracións aposten pola universalización dos servizos de coidados e unha distribución igualitaria das tarefas domésticas entre as persoas membros dun fogar. Se queremos unha Vilagarcía inclusiva, debemos esforzarnos por poñer o coidado das persoas no centro da súa economía, entendendo economía como actividade humana que xera valor social e non só valor de mercado.

Debemos avanzar cara a un mundo de relacións sociais e afectivas máis libre e máis inclusivo, e romper cunhas categorías pechadas de xénero que prefiguran o noso espazo e os nosos desexos.

O plan estrutúrase en cinco áreas de intervención: Ravella con transversalidade de xénero; Cidadanía activa das mulleres e apoderamento; Modelos igualitarios de convivencia; Conciliación, corresponsabilidade, coidados e sustentabilidade da vida e Abordaxe integral das violencias machistas e asume o reto de incorporar a realidade das persoas LGTBI+ na axenda política de igualdade municipal.

Cada unha das áreas de intervención establece obxectivos estratéxicos dos que se desprenden diversas accións a acadar. As accións deseñadas desenvolveranse tendo en conta criterios de

oportunidade e idoneidade. Trátase dun ambicioso plan a través do cal se pretende crear sinerxías entre os departamentos municipais e os principais axentes claves que operan a nivel municipal coa finalidade de acadar e proporcionar un instrumento de planificación estratéxica que articule o conxunto de accións dirixidas a favorecer a igualdade de oportunidades de mulleres e homes do Concello de Vilagarcía de Arousa.

-Avaliación do III Plan de igualdade-

Área 1.- Administración local e transversalidade

Esta área é a que tivo un desenvolvemento menor dos seus obxectivos. Respecto disto consideramos que é necesaria unha maior posta en valor a nivel institucional do Plan, o que podería influír positivamente nun maior desenvolvemento das medidas previstas .

A dificultade para vencer resistencias e dinámicas internas sobre a implantación da transversalidade das políticas de igualdade no interno da administración é posible que teña unha influencia significativa para a creación de estruturas a nivel técnico que impulsen a transversalidade nos distintos departamentos , así como para a consolidación da utilización dunha linguaxe inclusiva ou a creación e mantemento de redes sociais propias.

Área 2.- Participación social e apoderamento

Nesta área podemos falar de distintas aprendizaxes obtidas nestes anos atendendo aos diferentes obxectivos formulados.

- Respecto do obxectivo de impulsar o Consello Local hai que salientar que se ten proposto accións moi interesantes como por exemplo foi a de “Muller tiñas que ser”, que abarcaron ámbitos de traballo moi diversos, dende a investigación feita polo alumnado nas escolas ata a súa materialización nunha exposición. Pero tamén é certo que nos últimos tempos (prepandemia), déronse unhas dinámicas que diluían o impulso do Consello e o esgotaban en temas internos.

Consideramos que é necesario abordar unha revitalización do CLM dando pé a que outras entidades que teñan entre os seus obxectivos a igualdade de xénero podan participar do consello aínda que a súa composición sexa diversa en canto ao sexo. A igualdade implícanos a todas e a todos.

- Sobre o impulso e a formación para novos modelos de participación en clave de xénero e que reforcen a creación de redes de autoaxuda. É importante salientar que a pesares das distintas actividades desenvolvidas (grupos de autoaxuda con mulleres usuarias, cursos de autodefensa, de arteterapia, etc.), a creación e o mantemento de redes require dunha continuidade que a facilitaría ter un lugar de encontro, ao marxe das accións grupais concretas que se desenvolvan. Os espazos físicos ten a potencialidade de facer posible os encontros informais e de que estes se repitan. As accións xeran cercanía, empatías, afinidades pero para que isto perdure e fragüe en redes teñen que manterse nun tempo mais longo. Dispoñer dun

espazo para as mulleres e as asociacións no centro da vila a máis de visibilizar a súa existencia permite un lugar de encontro e de referencia.

- Tamén sobre o obxectivo de diminuír a fenda dixital fixéronse diversas accións ao longo destes anos, se ben dende o comezo da pandemia atopamos unha importante necesidade de incrementar as accións vencelladas ao coñecemento técnico para a realización de trámites coas administracións e con moitos servizos necesarios para a vida cotiá.
- Sobre a visibilización das accións desenvolvidas por mulleres da contorna mais cercana é preciso continuar profundizando en experiencias similares á de “Muller tiñas que ser” que aúne participación, visibilización e difusión tanto do traballo desenvolvido como das mulleres suxeitos de dito traballo.

Área 3.- Cambio de valores e modelos para a igualdade.

Nesta área tiveron un importante desenvolvemento as accións relacionadas co entorno educativo.

- A creación dun grupo de traballo estable co profesorado facilitou a implantación de dinámicas de traballo coordinadas que se traducen nunha oferta de actividades máis axustada ás necesidades detectadas polo profesorado e polo persoal da área de igualdade.
- A realización de accións relacionadas coa educación en igualdade e coa prevención da violencia de xénero nos centros educativos tiveron un pulo importante no período de vixencia deste Plan. Accións destinadas ao profesorado (“Xornadas de formación sobre xénero e diversidade afectivo-sexual”), ao alumando (“Premio pola Igualdade na escola”) e tamén as familias (“En Vilagarcía sementamos igualdade”) veñen a sumarse aos obradoiros que dende fai xa moitos anos se realizaban dende a área de igualdade en todos os centros educativos da vila.
- Cara a sociedade en xeral realizáronse diversas actividades, algunhas delas están plenamente consolidada como a “Maratón fotográfica polo 8 de marzo”, que é xa unha cita anual na que a igualdade e o eixo sobre o que transcorre un día de lecer. Outras iniciativas como “Muller e cultura” teñen vocación e potencial para afianzarse entre as convocatorias culturais do municipio recoñecibles polas aportacións e protagonismo das mulleres na vida cultural e artística.
- A programación de actividades destinadas a visibilizar ao colectivo LGTBI+ e promover a normalización da diversidade afectivo sexual, son tamén iniciativas de recente implantación que deben continuar a súa andadura e a súa consolidación.

Área 4.- Conciliación, corresponsabilidade e calidade de vida

Os obxectivos desta área máis desenvolvidos foron os relativos á promoción da conciliación e a corresponsabilidade entre os menores e a sociedade en xeral.

- Durante varios anos os meses de verán realizáronse distintos obradoiros dirixidos á sensibilizar aos menores no desenrolo das tarefas do fogar e a súa posta en valor. Na actualidade estes obradoiros están suxeitos a unha revisión de formato e busca de fontes de financiación en aras a tratar de reformularlos para que sexan, ademais de obradoiros de sensibilización e formación, espazos para favorecer a conciliación das familias nos meses de verán.

O valor dos coidados como pilar básico do sistema económico foi tamén a temática dunha campaña de comunicación dirixida a sensibilizar a toda a cidadanía sobre a súa importancia.

- É importante seguir traballando para seguir ofrecendo accións que poidan ser atractivas para outros sectores moi importantes para a conciliación, como é o sector empresarial, que quizais quedo menos desenvolvido neste plan debido a finalización dos programas europeos cos que traballamos este tipo de cuestións.

Área 5.- Abordaxe da violencia de xénero

A prevención da violencia de xénero, a intervención en situacións de violencia e a recuperación das mulleres afectadas por esta situación son obxectivos centrais no traballo cotiá da área de igualdade, realizados a través do CIM.

- Respecto da prevención da violencia de xénero realízanse numerosas actividades todos os anos en colaboración cos centros educativos, tanto de primaria como de secundaria. Os programas “Amor amargo” dirixido aos centros de secundaria ou en “Vilagarcía sementamos igualdade” aos de primaria son exemplo dunha liña de traballo que cada ano se expresa con diferentes programas que abordan os diferentes xeitos de presentarse a violencia de xénero e como desenmascarala, cara a construción dunha sociedade máis igualitaria entre os sexos.
- Tivemos tamén un programa de prevención e identificación da violencia de xénero en mulleres con discapacidades cognitivas, intelectuais e físicas no que participaron todos os centros que en Vilagarcía se dedican á atención a estas persoas e as súas familias.
- A sociedade no seu conxunto tamén é unha diana importante para o traballo nesta temática , as campañas polo 25N, a campaña “Amar é verbo non pronome posesivo” a de difusión dos servizos do CIM ou a implantación dos puntos lila nos eventos festivos multitudinarios son accións desenvolvidas que van consolidándose, espallándose e aglutinando cada vez a máis participantes.
- Respecto do obxectivo de acadar unha maior coordinación con outros axentes e entidades implicados neste eido tense establecida unha estrutura estable, a Mesa de Coordinación interinstitucional de violencia de xénero, que facilita a coordinación e unha comunicación fluída coas forzas de seguridade encargadas da recollida das denuncias e da protección das

mulleres vítimas. Neste marco téñense realizadas tamén accións de formación dirixidas as persoas membros da Mesa. É preciso seguir insistindo para que dende outras institucións como é a xudicial se participe nesta Mesa, xa que ata o de agora é unha participación moi puntual.

- A proposta de accións que contribúan á recuperación das mulleres e os seus proxectos vitais é a outra gran liña de traballo nesta área do Plan de igualdade.

As accións desenvolvidas teñen dúas dimensións, unha dirixida á recuperación persoal, mellorando a autoestima, potenciando os autocoidados, mellorando as habilidades sociais. (Cursos de arteterapia, biodanza, autoestima...), e outra á formación para o emprego destinada a mellorar a empregabilidade e á recuperación da vida autónoma con cursos como o de auxiliar de almacén, de caixeira repoñedora, de auxiliar de carnicería e peixería ou de atención socio-sanitaria.

- Nesta área entendemos que é preciso continuar coa liña de traballo para lograr unha maior implicación da sociedade e dos distintos axentes e institucións cara a lograr unha sociedade libre de violencia, atendendo e dando resposta ás novas tendencias sociais que cuestionan e rexeitan a existencia da violencia de xénero e a necesidade de prestarlle unha atención institucional.

-Metodoloxía-

A metodoloxía describe os procedementos que se empregaron no proceso de elaboración do IV Plan de Igualdade do Concello de Vilagarcía, que foron os seguintes:

Fases do proceso metodolóxico

- Fase inicial
- Diagnose
- Liñas de intervención
- Fase final

Na fase inicial realizáronse varias xuntanzas co persoal técnico do Centro de Información ás Mulleres (CIM), así como coa Concelleira de Igualdade, co obxecto de definir e establecer a metodoloxía de traballo a seguir e consensuar a planificación temporal da elaboración do IV Plan de Igualdade. Na fase diagnose, realizouse unha recollida de información enviando dende o CIM documentos ás entidades e grupos activos no municipio co obxectivo de que puideran achegar información relevante para a elaboración do novo Plan.

Unha vez recollida esta información realizouse unha análise coas principais conclusións da diagnose. Deste xeito, establecéronse as liñas estratéxicas de intervención e os obxectivos xerais e específicos por liña, e as propostas futuras de actuación. O obxecto deste documento era dar a coñecer e compartir, cos diferentes axentes implicados na igualdade municipio, as principais conclusións acadadas da situación de mulleres e homes en Vilagarcía e as actuacións propostas, e deste xeito puidesen facer as súas achegas ou consideracións.

Por último, na fase final, coas achegas recollidas, procedeuse á redacción do documento definitivo do IV plan, que terá unha vixencia de catro anos (2022-2026).

A metodoloxía empregada para o análise dos datos foi cualitativa e cuantitativa de investigación social, a través de:

- Indicadores estatísticos a partir das fontes secundarias de información (Instituto Nacional de Estatística, Instituto Galego de Estatística, etc.)
- Resultados das avaliación do III Plan de Igualdade do Concello de Vilagarcía.
- Reunións co persoal técnico e político do concello e cos axentes e entidades do municipio implicadas na materia de igualdade co obxectivo de proceder á recollida de información necesaria para a elaboración do presente plan.

FASE I

Estudio documental:

Documentos marco de referencia en materia de Igualdade de Oportunidades.

Informe de Avaliación do III PIOM do Concello de Vilagarcía.

Diagnóstico sociodemográfico e Mulleres e Homes do Concello de Vilagarcía de Arousa.

FASE II

Análise da información cualitativa:

Reunión persoal técnico do Centro de Información ás Mulleres. 06/08/2021-26/08/2021-17/09/2021-21/10/2021

Reunión coa responsable política da Área de Igualdade. 28/09/2021 - 10/12/2021

FASE III

Realización dos Foros Participativos:

Persoal técnico do CIM 06/08/2021-26/08/2021-17/09/2021-21/10/2021-01/12/2021

Arousa Moza 14/11/2021

O Soño de Lilith 28/11/2021

Grupo de Igualdade Centros Educativos 03/12/2021

Consello Local da Muller 13/12/2021

FASE IV

Elaboración do borrador do Plan

FASE V

Elaboración do documento definitivo e aprobación do IV Plan de Igualdade do Concello de Vilagarcía de Arousa

-Principios reitores-

Para poder implementar este IV Plan é imprescindible que o Concello adquiera un compromiso firme para a súa implementación. Tamén é necesario que todo o persoal do Concello, ao nivel que lle corresponda, colabore no desenvolvemento, seguimento e avaliación do plan, así como establece a Lei 3/2007, do 22 de marzo, para a Igualdade efectiva de Mulleres e Homes.

Os principios que orientan o desenvolvemento e a estabilidade do Plan de Igualdade do Concello de Vilagarcía de Arousa son os seguintes:

- Compromiso político

O compromiso coa efectividade do dereito constitucional de igualdade entre mulleres e homes. As políticas de igualdade teñen que concibirse como unha aposta comprometida coa transformación real das condicións que xeran as desigualdades entre mulleres e homes. Polo tanto, o Plan debe estar apoiado polo conxunto de grupos políticos coa aprobación en Pleno Municipal.

- Principio de igualdade

A Administración Pública, en virtude do artigo 9.2. da Constitución, debe adoptar as medidas oportunas para garantir o exercicio efectivo por parte de mulleres e homes, en condicións de igualdade, dos dereitos políticos, civís, económicos, sociais e culturais, é dicir, transcender o ámbito da igualdade formal, a legalmente recoñecida e que resulta insuficiente para eliminar as desigualdades existentes que afectan ás mulleres, reforzando a intervención nos ámbitos nos que a discriminación por razón de sexo é máis acusada.

- Transversalidade nas actividades municipais

A transversalidade, como principio reitor, supón ter en conta que, desde todas as áreas municipais se teñan en conta, desde a perspectiva de xénero, aquelas situacións que afectan dun xeito desigual as mulleres e homes. A igualdade é responsabilidade de todas as áreas de goberno da administración local de Vilagarcía, así como a incorporación da perspectiva de xénero no desenvolvemento das actuacións que leven a cabo.

- Participación social e comunitaria

A participación equitativa de mulleres e homes en tódolos ámbitos da vida social e comunitaria é un principio prioritario fundamental para a inclusión e a transformación social.

- Diversidade

Analizar a realidade desde diferentes perspectivas e tendo en conta a diversidade e que as mulleres non son un conxunto homoxéneo. Deste xeito é posible comprender as diferentes situacións de discriminación que sofren as mulleres na súa diversidade (etnia, lugar de residencia, clase social,

estado físico e de saúde, discapacidade, orientación sexual ou identidade de xénero, nivel formativo, etc.) co obxecto de dar unha resposta máis ampla e precisa.

Defínense dúas estratexias transversais necesarias para a axeitada posta en marcha e seguimento das actuacións contidas no plan:

- A comunicación, entendida como ferramenta básica de intercambio de información entre os departamentos con responsabilidades na posta en marcha das medidas, e á súa vez como elemento necesario para lle garantir a información a todo o persoal sobre as actuacións que se realizaren.
- O seguimento e a avaliación, como mecanismos necesarios para comprobar a correcta posta en marcha das actuacións e confrontar os seus resultados.

A continuación, detállanse os obxectivos xerais que se pretenden acadar coa posta en marcha do Plan de igualdade. Ademais, definíronse outros obxectivos específicos que se incorporan no seguinte apartado para cada unha das áreas nas que se estrutura o plan.

- Impulsar unha administración inclusiva incorporando a transversalidade de xénero no Concello de Vilagarcía.
- Visibilizar e favorecer a participación activa das mulleres nos distintos eidos.
- Fomentar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres mediante programas non estereotipados e que visibilicen outras formas máis inclusivas de convivencia.
- Promover un imaxinario novo sobre a importancia da provisión equitativa e sustentable dos coidados colocando estes no centro das nosas vidas.
- Concienciar e implicar á cidadanía na loita contra as violencias machistas e garantir un tratamento integral.

-Marco xurídico-

O contexto legal en materia de igualdade entre mulleres e homes dispón actualmente dunha diversidade normativa tanto a nivel internacional, europeo, estatal, autonómico e local.

Este Plan susténtase nun marco legal que fundamenta as actuacións emitidas en materia de igualdade de oportunidades e de prevención e tratamento da violencia de xénero por organismos internacionais, europeos, estatais, autonómicos e locais.

A continuación recolleemos unha recompilación, que non pretende ser exhaustiva, da principal normativa das estratexias de igualdade de xénero:

Ámbito internacional

- A Carta de Nacións Unidas, aprobada en 1945, contiña referencias ao principio de igualdade e a non discriminación desde os seus primeiros textos, que se concretan na *Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948*, que recolle o respecto á dignidade e integridade da persoa sen que poida prevalecer discriminación algunha por razón de sexo (artigos 1 e 2.1).
- *Convenio 111 de 1958 da Organización Internacional do Traballo (OIT)*, relativo á discriminación en materia de emprego e ocupación, onde fai referencia á discriminación por motivo de sexo e ao concepto de igualdade de oportunidades o de trato.
- *A Convención para a Eliminación de todas as Formas de Discriminación contra a Muller (CEDAW) é un tratado internacional adoptado en 1979 pola Asemblea Xeral da ONU*, descrito como unha declaración internacional de dereitos para as mulleres. Instituído en 1981 e ratificado por España en 1983, promove a toma de medidas para asegurar o desenvolvemento e avance das mulleres, co obxecto de garantirlle o goce e exercicio dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais, en igualdade de condicións co home.
- *A IV Conferencia Mundial sobre as Mulleres de Beijing*, celebrada no ano 1995 en China, supuxo un punto de inflexión no tratamento da igualdade. Aprobou por unanimidade a Declaración e a Plataforma de Acción de Beijing onde os gobernos participantes comprometéronse a cumprir un programa encamiñado a eliminar os obstáculos que dificultan conseguir maiores oportunidades de igualdade para as mulleres que incorporaba o mainstreaming ou transversalidade da perspectiva de xénero como estratexia de actuación.
- *Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra as mulleres e a violencia doméstica (Convenio de Istambul) de 11.V.2011* (Entrou en vigor en España o 1 de agosto de 2014). Defínese como o primeiro tratado contra a violencia cara as mulleres, incluíndo a violencia sexual, física, psicolóxica e económica tanto no ámbito público como privado. O Convenio tamén destaca que os estados membros do Consello de Europa

comprométense a promover e aplicar de maneira efectiva políticas de igualdade entre mulleres.

- *A Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible de Nacións Unidas*, é un plan de acción que afecta a todos os países do mundo e responsabilízalos do logro de 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) no prazo de 15 anos (de 2015 a 2030). Supón un avance substancial para o logro da igualdade ao establecelo como obxectivo específico (obx. 5) e como eixo fundamental para o logro do resto de obxectivos e metas propostas.
- *A Estratexia de Igualdade de Xénero 2018-2023*, aprobada polo Consello de Europa.

Normativa europea

- *Tratado de Ámsterdam de 1997* (entrada en vigor o 1 de maio de 1999), inclúe unha referencia específica á igualdade entre mulleres e homes como misión da Unión Europea e incorpora o obxectivo de eliminar as desigualdades entre unhas e outros e promover a súa igualdade, que deberá inspirar todas as políticas e accións comunitarias.
- *Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea*, que establece tanto o principio de igualdade como a prohibición de discriminación e contén un artigo dedicado á igualdade entre mulleres e homes e ás accións positivas como medidas compatibles coa igualdade de trato.
- *Pacto Europeo pola Igualdade de Xénero 2011-2020*, do Consello da Unión Europea.
- *A Estratexia para a Igualdade de Xénero 2020-2025*, aprobada pola comisión Europea, onde se marcan as directrices a seguir en materia de igualdade nos próximos anos na Unión Europea.

Ámbito estatal

- Na *Constitución Española de 1978* recóllese que lle corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social (*Art.9.2.*); e que os españois son iguais ante a lei sen que poida prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social (*Art. 14*).
- *Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero*. Incorpora un enfoque integral e multidisciplinar para o recoñecemento de dereitos como o da información, a asistencia xurídica gratuíta e outros de protección social, atención, emerxencia, apoio e recuperación, garantindo dereitos laborais e de apoio económico e

impulsando medidas de sensibilización, prevención e actuación en diferentes ámbitos e de coordinación cos servizos existentes a nivel autonómico e local en defensa da igualdade e liberdade das mulleres.

- *Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes.* Considera a dimensión transversal da igualdade como fundamental para conseguir a igualdade efectiva e recolle que as Administracións Públicas integrarán o principio de igualdade de forma activa, na adopción e execución das súas disposicións normativas, na definición e nos orzamentos das políticas públicas en todos os ámbitos.
- *Lei Orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo.*
- *Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero de 2017.* Identifícanse e analízanse os problemas que impiden avanzar na erradicación das diferentes formas de violencia de xénero e contén un conxunto de medidas de actuación para acometer en todos os ámbitos da sociedade.
- *Real Decreto Lei 9/2018, do 3 de agosto, de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero,* que devolven aos Entidades Locais as competencias en materia de promoción da igualdade e a loita contra a violencia de xénero grazas á modificación da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local.
- *Real Decreto-lei 6/2019, do 1 de marzo, de medidas urxentes para garantía da igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no emprego e a ocupación.*
- *Real Decreto-lei 12/2020, de 31 de marzo, de medidas urxentes en materia de protección e asistencia ás vítimas de violencia de xénero*
- *Real Decreto 902/2020, de 13 de outubro, de igualdade retributiva entre mulleres e homes*
- *Plan Estratéxico para a Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes 2022-2025*

Ámbito autonómico

- *Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.*
- *Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.*
- *DECRETO 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento.*
- *I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia (2016-2020).*

- *VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020.*
- *Plan Galego de Conciliación e Corresponsabilidade 2018-2021.*
- *Lei 15/2021, do 3 de decembro, pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Aos efectos desta Lei enténdese por violencia de xénero calquera acto violento ou agresión, baseados nunha situación de desigualdade no marco dun sistema de relacións de dominación dos homes sobre as mulleres que teña ou poida ter como consecuencia un dano físico, sexual ou psicolóxico, incluídas as ameazas de tales actos e a coacción ou privación arbitraria da liberdade, tanto se ocorren no ámbito público como na vida familiar ou privada e con esta modificación recóllese tamén a violencia vicaria.*

-Áreas e obxectivos-

Este IV Plan de igualdade articulase en torno a cinco liñas estratéxicas de intervención, que definen cales son as cuestións prioritarias nas que se debe incidir para conseguir os obxectivos finais deste Plan; obxectivos, que son xerais e específicos, e que teñen a función de delimitar dun xeito preciso a implementación do Plan a través de medidas de actuación e accións, que son instrumentos que van desenvolver as liñas estratéxicas e os obxectivos, e agrúpanse en actuacións concretas. Os indicadores de avaliación serven para orientar o proceso de recollida de datos a avaliar.

1. <u>RAVELLA CON TRANSVERSALIDADE DE XÉNERO</u>	
Obxectivo xeral	Impulsar unha administración inclusiva incorporando a transversalidade de xénero no Concello de Vilagarcía
Descrición	<p>Para dar resposta ás demandas sociais e ser exemplo en cuestións internas e externas, o concello debe realizar un ambicioso plan de cambio institucional e camiñar cara unha Ravella máis feminista. Concretamente, supón un cambio cara unha mirada con perspectiva de xénero tanto nas contratacións, accións, metodoloxías e obxectivos políticos. Este cambio ten que ir ligado a unha continua formación ao persoal técnico e político do concello.</p> <p>Para que exista unha transversalidade real debe existir un compromiso por parte de todas as concellerías e persoal técnico e político.</p> <p>Esta área é fundamental posto que a administración local pode realizar políticas que consigan fomentar a igualdade e ten moita importancia comezar por Ravella, como institución, tanto na súa maneira de facer política, como na imaxe e compromiso que amosa cara a cidadanía.</p>

2. CIDADANÍA ACTIVA DAS MULLERES E APODERAMENTO

Obxectivo xeral	Visibilizar e favorecer a participación activa das mulleres nos distintos eidos.
Descrición	<p>Para lograr unha igualdade efectiva, as mulleres deben participar de maneira activa en todas as esferas da vida social, política e tecnolóxica e por iso debemos crear estratexias que permitan ás mulleres participar activamente nos diferentes eidos que compoñen a vila.</p> <p>Por outra banda, é de xustiza outorgarlle a visibilidade que durante séculos se lle roubou ás mulleres e realizar distintas accións que permitan á infancia e mocidade adquirir referentes así coma poñelas en valor.</p> <p>É necesario o acceso de calidade das mulleres na participación local. Para isto é importante revitalizar o Consello Local da Muller e fomentar a incorporación de distintas mulleres con características diversas que poidan aportar diferentes visións e aportar en positivo na consecución da igualdade. O apoio ás asociacións feministas e de mulleres é tamén fundamental para o cumprimento deste obxectivo.</p> <p>Esta área está estreitamente ligada coa área número catro xa que precisamos de moitas desas estratexias de conciliación para que as mulleres poidan realizar unha cidadanía activa.</p>

3. MODELOS IGUALITARIOS DE CONVIVENCIA

Obxectivo xeral	Fomentar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres mediante programas non estereotipados e que visibilicen outras formas máis inclusivas de convivencia.
Descrición	<p>Para que exista unha sociedade baseada na igualdade é preciso amosar e traballar novos modelos de convivencia que permitan vivir máis libremente ás persoas. Nesta área temos que ter en mente a importancia visibilizar outros modelos de masculinidades positivas, ter a educación como unha ferramenta fundamental na consecución da igualdade e a posta en valor e goce das diversidades.</p>

	<p>A sociedade está a reclamar unha visión máis ampla na que as diversidade sexan visibilizadas e valoradas en positivo. Nestes modelos igualitarios que tratamos de conseguir, é importante o traballo que se fai dende o punto LGTB que ten o concello para a sensibilización sobre a diversidade afectivo-sexual. Nesta liña queremos incorporar unha mirada transversal e inclusiva en todas as accións.</p>
--	--

<p>4. <u>CONCILIACIÓN, CORRESPONSABILIDADE, COIDADOS E SUSTENTABILIDADE DA VIDA</u></p>	
<p>Obxectivo xeral</p>	<p>Promover un imaxinario novo sobre a importancia da provisión equitativa e sustentable dos coidados colocando estes no centro das nosas vidas.</p>
<p>Descrición</p>	<p>Unha das principais contas pendentes da sociedade coa igualdade é a corresponsabilidade nos coidados. Moitos dos outros obxectivos e accións quedan incompletas debido aos problemas de conciliación nos que se atopan as mulleres actualmente. Nun sistema patriarcal e capitalista no que se está deixando de lado os coidados tanto ás persoas coma ao medio que nos rodea, debemos poñer en valor e establecer unhas prioridades que melloren a calidade de vida da cidadanía con especial relevancia nas mulleres debido ás desigualdades existentes.</p> <p>Para isto, deben crearse estratexias que fomenten medidas de conciliación e campañas que sensibilicen sobre a importancia dos coidados e a sustentabilidade da vida.</p> <p>O ecofeminismo leva décadas amosándonos un camiño para alcanzar un mundo máis xusto e saudable libre de actitudes opresoras que recaen nas mulleres e na natureza. Con esta premisa debemos sensibilizar e dar alternativas ás hexemónicas.</p>

5. ABORDAXE INTEGRAL DAS VIOLENCIAS MACHISTAS

Obxectivo xeral	Concienciar e implicar á cidadanía na loita contra as violencias machistas e garantir un tratamento integral.
Descrición	<p>Unha das principais liñas deste Plan de igualdade é a loita contra as violencias machistas. Dende o CIM traballan de maneira directa coas mulleres vítimas de violencias machistas e por iso é fundamental garantir e consolidar esta atención.</p> <p>A prevención das violencias machistas é fundamental, por iso, precisamos desenvolver distintas estratexias que conciencien e impliquen á cidadanía contra esta consecuencia do patriarcado.</p> <p>Para falar de tratamento integral tamén temos que promover redes de apoio entre mulleres así como traballar para unha total integración das usuarias económica e socialmente.</p>

IV Plan de Igualdade do Concello de Vilagarcía de Arousa

ÁREA 1:

RAVELLA CON TRANSVERSALIDADE DE XÉNERO

OE 1. Sensibilizar, informar e dar formación en materia de igualdade de xénero ao persoal técnico e político do Concello.

OE 2. Incorporar obxectivos específicos de igualdade de xénero en todas as normativas, plans, concursos, actividades e programas do Concello de Vilagarcía.

OE 3. Fortalecer a colaboración entre departamentos mediante órganos xa existentes, ou órganos novos que poidan xurdir como espazo e vehículo para o desenvolvemento da transversalidade

OE 4. Velar pola imaxe externa do Concello de Vilagarcía onde a igualdade sexa pilar fundamental e un elemento transversal.

ÁREA 2:

CIDADANÍA ACTIVA DAS MULLERES E APODERAMENTO

OE 1. Revitalizar o Consello Local da Muller.

OE 2. Potenciar novos modelos e formatos de participación cidadá, especialmente aqueles que favorezan a autoxestión, a convivencia, a sororidade, os feminismos, diversidade (inclusión), etc.

OE 3. Fomentar novas formas de utilizar as novas tecnoloxías con perspectiva de xénero.

OE 4. Visibilizar ás mulleres de Vilagarcía e poñer en valor a labor que realizan en diferentes ámbitos: económico, social, cultural, educativo, político, etc.

OE 5. Favorecer a participación activa das mulleres en accións lúdicas, culturais, de esparcemento e deportivas.

ÁREA 3:

MODELOS IGUALTARIOS DE CONVIVENCIA

OE 1. Favorecer a sensibilización, formación e implicación da comunidade educativa como elemento fundamental para chegar ao colectivo infantil, xuvenil e adulto

OE 2. Promover accións lúdicas e de esparcemento para toda cidadanía onde a igualdade sexa o tema transversal.

OE 3. Poñer en valor a diversidade e visibilizar outros modelos diferentes aos hexemónicos.

ÁREA 4:

CONCILIACIÓN, CORRESPONSABILIDADE, CUIDADOS E SUSTENTABILIDADE DA VIDA

OE 1. Concienciar e sensibilizar sobre a importancia da conciliación e a corresponsabilidade.

OE 2. Promover a saúde integral das mulleres dende a perspectiva feminista, potenciando os autocuidados e autoestima

ÁREA 5:

ABORDAXE INTEGRAL DAS VIOLENCIAS MACHISTAS

OE 1. Garantir e consolidar unha atención integral ás vítimas das violencias machistas a través do CIM.

OE 2. Abordar e concienciar á cidadanía de Vilagarcía sobre a violencia contra as mulleres dende unha perspectiva feminista, especialmente entre a mocidade

OE 3. Reforzar a coordinación e formación coas entidades e axentes implicadas neste eido para facer máis eficaz a prevención, intervención e erradicación.

OE 4. Contribuír a unha maior autonomía, recuperación da identidade e proxectos vitais das mulleres en situación de violencia a través dunha atención individualizada.

OE 5. Contribuír a que sexan as propias mulleres as que supoñan un sustento e apoio sororo en rede con outras mulleres.



-Áreas, obxectivos e actuacións-

**ÁREA 1:
RAVELLA CON TRANSVERSALIDADE DE XÉNERO**

<p>OE 1. Sensibilizar, informar e dar formación en materia de igualdade de xénero ao persoal técnico e político do Concello.</p>	<p>OE 2. Incorporar obxectivos específicos de igualdade de xénero en todas as normativas, plans, concursos, actividades e programas do Concello de Vilagarcía.</p>	<p>OE 3. Fortalecer a colaboración entre departamentos mediante órganos xa existentes. ou órganos novos que poidan xurdir como espazo e vehículo para o desenvolvemento da transversalidade</p>	<p>OE 4. Velar pola imaxe externa do Concello de Vilagarcía onde a igualdade sexa pilar fundamental e un elemento transversal</p>
TEMPORALIDADE	2022 - 2023 – 2024 - 2025 - 2026

ACTUACIÓN 2	Invitación a novas entidades na Mesa de Coordinación (traballadora social do centro de saúde, hospital, xulgados, etc.)
DEPARTAMENTOS ou AXENTES IMPLICADOS	Área de Igualdade. Centro de Información ás Mulleres.
INDICADORES DE AVALIACIÓN	Núm. de invitacións realizadas. Núm. de invitacións aceptadas. Canles de difusión empregados.
TEMPORALIDADE	2022 - 2023 – 2024 - 2025 - 2026

OE 4. Contribuír a unha maior autonomía, recuperación da identidade e proxectos vitais das mulleres en situación de violencia a través dunha atención individualizada.

ACTUACIÓN 1	Deseño e posta en marcha de estratexias que faciliten a recuperación integral das vítimas de violencias machistas coa colaboración de todos os recursos existentes no Concello de Vilagarcía
DEPARTAMENTOS ou AXENTES IMPLICADOS	Área de Igualdade. Centro de Información ás Mulleres. Área de Desenvolvemento Local e Emprego Departamento de contratación.
INDICADORES DE AVALIACIÓN	Núm. de estratexias implantadas. Tipos de estratexias.
TEMPORALIDADE	2022 - 2023 – 2024 - 2025 - 2026

ACTUACIÓN 2	Creación dun plan de formación en profesións tradicionalmente masculinizadas e cunha maior demanda laboral e mellores condicións que non perpetúen os estereotipos sexistas.
DEPARTAMENTOS ou AXENTES IMPLICADOS	Área de Igualdade. Centro de Información ás Mulleres. Área de desenvolvemento local e Emprego
INDICADORES DE AVALIACIÓN	Núm. de actividades realizadas. Núm. de participantes. Grao de satisfacción das persoas participantes. Canles de difusión empregados.
TEMPORALIDADE	2022 - 2023 – 2024 - 2025 - 2026

ACTUACIÓN 3	Facilitación ás mulleres vítimas de violencias machistas do acceso a unha vivenda digna utilizando diversos mecanismos dende o Concello.
DEPARTAMENTOS ou AXENTES IMPLICADOS	Área de Igualdade. Centro de Información ás Mulleres.
INDICADORES DE AVALIACIÓN	Tipos de estratexias implantadas. Núm. de mulleres beneficiadas.
TEMPORALIDADE	2022 - 2023 – 2024 - 2025 - 2026

OE 5. Contribuír a que sexan as propias mulleres as que supoñan un sustento e apoio sororo en rede con outras mulleres.

ACTUACIÓN 1	Desenvolvemento de actividades para a creación de rede de mulleres.
DEPARTAMENTOS ou AXENTES IMPLICADOS	Área de Igualdade. Centro de Información ás Mulleres.
INDICADORES DE AVALIACIÓN	Núm. de actividades realizadas. Núm. de axentes implicados. Canles de difusión empregados.

TEMPORALIDADE	2022 - 2023 – 2024 - 2025 - 2026
---------------	----------------------------------

ACTUACIÓN 2	Apoio de recursos, persoal e formativo a asociacións que traballen con mulleres en situación de vulnerabilidade
DEPARTAMENTOS ou AXENTES IMPLICADOS	Área de Igualdade. Centro de Información ás Mulleres.
INDICADORES DE AVALIACIÓN	Núm. de actividades/apoios realizados. Núm. de entidades participantes. Canles de difusión empregadas.
TEMPORALIDADE	2022 - 2023 – 2024 - 2025 - 2026

-Avaliación-

A avaliación das políticas públicas constitúe un instrumento de transparencia que resulta clave en calquera organización que aspire a coñecer a eficacia, eficiencia e idoneidade das políticas implantadas. A avaliación do IV Plan concíbese como un proceso sistemático que ten como obxectivos: coñecer o grao de cumprimento das medidas establecidas; determinar o grao de consecución dos obxectivos; detectar os avances e atrancos existentes na súa execución e descubrir os efectos do seu desenvolvemento.

Unha concreción deste proceso é a creación dunha Comisión de Seguimento que pode estar composta por persoal técnico ou político e representantes de asociacións, cuxa función é manterse informados do desenvolvemento do Plan, apoiar no seguimento e avaliación do mesmo e propoñer melloras se sexan convintes.

Unha vez rematada a vixencia do Plan, levarase a cabo unha avaliación final externa que contemplará unha análise crítica das accións desenvolvidas, e aportará información sobre a súa execución, funcionamento, efectos e resultados obtidos. Na avaliación, empregaranse técnicas cuantitativas e cualitativas a través das que se medirá: o grao de execución, o grao de transversalidade, o proceso de execución, a xestión municipal e a incidencia. Polo tanto, a avaliación deberá recoller información sobre os resultados e o proceso, avaliando o inicio, o desenvolvemento e a finalización de cada actuación, considerando a perspectiva cuantitativa e cualitativa.

Propoñemos distintos momentos de avaliación:

- a) Concluída a planificación, esta pode ser obxecto dunha avaliación previa denominada tamén, ex-ante. O seu obxectivo é revisar a coherencia entre todos os elementos do Plan deseñado e a idoneidade deste cos problemas que quería resolver. Unha avaliación ex-ante, por exemplo, pódenos indicar que o Plan está moi ben pero que apunta nunha dirección pouco adecuada para resolver as necesidades, intereses e problemas que se identificaron no diagnóstico; ou tamén, que o obxectivo xeral do Plan está moi ben pero que non se vai a alcanzar nunca se se manteñen eses obxectivos específicos coas actividades que se propuxeron, ou que con eses indicadores non se averiguará se o Plan está a conseguir os resultados que pretendía, etc.
- b) Na metade do periodo de vixencia, pódense realizar avaliacións intermedias que permitan comparar os resultados obtidos ata o momento cos obxectivos específicos que se pretenden. Unha avaliación intermedia permite adecuar o Plan a continxencias imprevistas e mesmo, cambiar

os obxectivos en función de novas prioridades. É importante decidir que as avaliacións sexan cíclicas e non só esperar á avaliación final.

- c) Ao finalizar o Plan é o momento de facer unha avaliación final que necesitará a información detallada sobre que ocorreu no seu desenvolvemento: que actividades se realizaron, cales son as relacións entre elas e os obxectivos específicos que se pretendían e entre estes e o obxectivo xeral do Plan. As avaliacións intermedias e a final utilizan os indicadores previstos.
- d) Pasado un prazo prudente, dous anos por exemplo, pode levar a cabo unha avaliación de impacto do Plan, é dicir, pescudar por unha banda, que logros se manteñen máis aló da influencia do Plan e por outra, que efectos imprevistos tivo a actuación do Plan no contexto onde se desenvolveu (por exemplo, a partir do desenvolvemento do Plan mellorou a organización social das mulleres). A avaliación de impacto adoita ter un problema básico: non se pode adxudicar un cambio social a unha soa causa. Unha avaliación de impacto non pode expresar que se produciu unha relación de causa-efecto. Por exemplo, os efectos a medio prazo dun Plan poden incidir na sensibilidade social contra a violencia cara ás mulleres, pero non se pode atribuír de forma exclusiva os logros que se produzan nese sentido porque hai moitos máis elementos que inflúen: os medios de comunicación, a educación, a acción doutras organizacións, etc.

Coa información obtida durante todo o proceso, elaborárase un informe final con información sobre a execución realizada, unha análise e valoración crítica sobre os resultados obtidos, as boas prácticas detectadas e as recomendacións a ter en conta na elaboración e execución de futuras políticas de igualdade.

Para analizar o nivel de execución das áreas de intervención, procederase a analizar o número de medidas adoptadas en cada unha das áreas de intervención. A análise global do plan recollerá información sobre o nivel de seguimento e avaliación do plan a través da avaliación do nivel de cumprimento segundo os órganos responsables, o grao de cumprimento no seu conxunto e as dificultades detectadas na avaliación do Plan.

Os indicadores de avaliación que se deben ter en conta en cada acción aparecen especificados nas táboas correspondentes a cada obxectivo e acción así como os axentes implicados nas mesmas.

-Anexos-

FICHA DE AVALIACIÓN

Nome da acción _____

Data de realización dende _____ ata

Lugar de realización _____

Duración

Descrición da actividade

Persoas participantes desagregado por xénero

Mulleres Homes Outra

Orzamento destinado _____

Fondos

Europeos Estatais Autonómicos Provinciais Propios

Outros Especificar _____

Valoración xeral da actividade

Moi boa Boa Indiferente Mala

Observacións ou incidencias

Áreas, obxectivos e accións

ÁREA 1: RAVELLA CON TRANSVERSALIDADE DE XÉNERO

Obxectivo xeral: Impulsar unha administración inclusiva incorporando a transversalidade de xénero no Concello de Vilagarcía.

OE 1. Sensibilizar, informar e dar formación en materia de igualdade de xénero ao persoal técnico e político do Concello.

Accións:

OE 2. Incorporar obxectivos específicos de igualdade de xénero en todas as normativas, plans, concursos, actividades e programas do Concello de Vilagarcía.

Accións:

OE 3. Fortalecer a colaboración entre departamentos mediante órganos xa existentes. ou órganos novos que poidan xurdir como espazo e vehículo para o desenvolvemento da transversalidade.

Accións:

OE 4. Velar pola imaxe externa do Concello de Vilagarcía onde a igualdade sexa pilar fundamental e un elemento transversal.

Accións:

ÁREA 2: CIDADANÍA ACTIVA DAS MULLERES E APODERAMENTO

Obxectivo xeral: Visibilizar e favorecer a participación activa das mulleres nos distintos eidos.

OE 1. Revitalizar o Consello Local da Muller.

Accións:

OE 2. Potenciar novos modelos e formatos de participación cidadá, especialmente aqueles que favorezan a autoxestión, a convivencia, a sororidade, os feminismos, diversidade (inclusión), etc.

Accións:

OE 3. Fomentar novas formas de utilizar as novas tecnoloxías con perspectiva de xénero.

Accións:

OE 4. Visibilizar ás mulleres de Vilagarcía e poñer en valor a labor que realizan en diferentes ámbitos: económico, social, cultural, educativo, político, etc.

Accións:

OE 5. Favorecer a participación activa das mulleres en accións lúdicas, culturais, de esparcemento e deportivas.

Accións:

ÁREA 3: MODELOS IGUALITARIOS DE CONVIVENCIA

Obxectivo xeral: Fomentar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres mediante programas non estereotipados e que visibilicen outras formas máis inclusivas de convivencia.

OE 1. Favorecer a sensibilización, formación e implicación da comunidade educativa como elemento fundamental para chegar ao colectivo infantil, xuvenil e adulto

Accións:

OE 2. Promover accións lúdicas e de esparcemento para toda cidadanía onde a igualdade sexa o tema transversal.

Accións:

OE. 3. Poñer en valor a diversidade e visibilizar outros modelos diferentes aos hexemónicos.

Accións:

ÁREA 4: CONCILIACIÓN, CORRESPONSABILIDADE, COIDADOS E SUSTENTABILIDADE DA VIDA

Obxectivo xeral: Promover un imaxinario novo sobre a importancia da provisión equitativa e sustentable dos coidados colocando estes no centro das nosas vidas.

OE 1. Concienciar e sensibilizar sobre a importancia da conciliación e a corresponsabilidade.

Accións:

OE. 2. Promover a saúde integral das mulleres dende a perspectiva feminista, potenciando os autocoidados e autoestima

Accións:

ÁREA 5: ABORDAXE INTEGRAL DAS VIOLENCIAS MACHISTAS

Obxectivo xeral: Concienciar e implicar á cidadanía na loita contra as violencias machistas e garantir un tratamento integral.

OE 1. Garantir e consolidar unha atención integral ás vítimas das violencias machistas a través do CIM.

Accións:

OE 2. Abordar e concienciar á cidadanía de Vilagarcía sobre a violencia contra as mulleres dende unha perspectiva feminista, especialmente entre a mocidade

Accións:

ENQUISA DE SATISFACIÓN

Nome da actividade: _____

Data: _____

Valora esta actividade, sendo 1 a puntuación máis baixa e 5 a máis alta	1	2	3	4	5
Instalacións axeitadas					
Temática					
Contidos					
Nivel de profundidade					
Materiais empregados					
A docente expón con claridade os contidos do curso/actividade					
A docente motiva e esperta o interese polas materias que imparte					
A docente resolve eficazmente as dúbidas					
Valoración global da docente					
Valoración global da actividade					
A duración da actividade foi...	Curta	Axeitada	Excesiva		
Esta actividade resultoume interesante	SI	NON	NS/NC		
Esta actividade mellorou a miña formación	SI	NON	NS/NC		
É positivo incluír formación e actividades en igualdade nas institucións públicas?	SI	NON	NS/NC		

Queres engadir algunha suxestión, valoración ou facer propostas para vindeiras convocatorias?

MOITAS GRAZAS POLA SÚA COLABORACIÓN

Concello de
Vilagarcía



de Arousa

DIAGNÓSTICO SOCIODEMOGRÁFICO
de Mulleres e Homes do
CONCELLO de VILAGARCÍA DE AROUSA



apaioga

ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE AXENTES DE
IGUALDADE DE OPORTUNIDADES GALEGA

Decembro 2021

1. Territorio

2. Poboación

3. Mercado Laboral

4. Benestar Social

5. Violencias Machistas

-Territorio-

O concello de Vilagarcía de Arousa sitúase na provincia de Pontevedra e na comarca do Salnés. Xeograficamente limita ao norte con Catoira, ao leste con Caldas de Reis, ao sur con Vilanova de Arousa e ao oeste coa ría de Arousa.

Ocupa unha superficie total de 44,2 Quilómetros cadrados e conta cunha poboación de 37.565 habitantes¹, o que a converte na novena cidade de Galicia e na terceira da provincia por detrás de Vigo e Pontevedra.

En datos xerais de habitantes, o concello de Vilagarcía contaba cunha poboación total no 2020 de 37.565 persoas, das que 19.576 son mulleres e 17.989 homes, o que representa que o **52,11% da poboación son mulleres**. Unha porcentaxe maior que a relativa aos datos galegos (51,8%) e aos datos provinciais (51,7%).




¹ INE. Padrón municipal de habitantes a 01-01-2020

Como xa sinalamos nos parágrafos anteriores, Vilagarcía pertence á **comarca do Salnés**, xunto cos concellos de Cambados, O Grove, A Illa de Arousa, Meaño, Meis, Ribadumia, Sanxenxo e Vilanova de Arousa e que constitúe un dos máis importantes enclaves turísticos de Galiza. Está comprendida entre a ría de Arousa polo norte e a ría de Pontevedra polo sur, formando parte das denominadas Rías Baixas.


Ademais de cabeceira de comarca, Vilagarcía é o seu principal núcleo de poboación e económico, ascendendo a poboación da comarca a 109.570 persoas, das que 56.409 son mulleres (51,5%) e 53.161 homes (48,5%). Tendo en conta a poboación de cada un dos concellos que conforman a comarca, 34 de cada 100 persoas que pertencen a esta unidade territorial están empadroadas en Vilagarcía, unha de cada tres.

O Salnés

Concello	Poboación ^[4]	Extensión (km ²) ^[5]	Imaxe da comarca
Vilagarcía de Arousa	37.565	44,24	
Sanxenxo	17.414	45,08	
Cambados	13.721	23,44	
O Grove	10.518	21,89	
Vilanova de Arousa	10.239	33,65	
Meaño	4.754	27,77	
Ribadumia	5.105	19,71	
A Illa de Arousa	4.932	6,91	
Meis	4.988	52,39	
O Salnés	109.570	275,08	

O dato que relaciona directamente poboación e territorio é a densidade². O gráfico 1 amosa este indicador en relación aos territorios de referencia (comarca, provincia e Galicia).

Gráfico-1. DENSIDADE **Vilagarcía/comarca/provincia/Galicia**. 2020




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

Observamos como a densidade de Vilagarcía duplica os datos comarcais, cuatriplica os provinciais e multiplica por máis de nove os galegos.

A poboación vilagarcíá atópase distribuída nun núcleo e dez parroquias: Arealonga, Bamio, Carril, Cea, Cornazo, Fontecarmoa, Rubiáns, Sobradelo, Sobrán (Vilaxoán) e Solobeira. A súa vez, o núcleo componse de 11 barrios, que son: San Xosé, A Escardia, Espiñeira, Os Duráns, Castro, Centro (Vilagarcía), A Maroma, As Bocas, Cornazo de Abaixo, A Xunqueira e Vilaboa, que a efectos de Padrón Municipal agrúpanse baixo a denominación de Santa Eulalia e A Xunqueira. Nesta demarcación de carácter máis urbano concéntrase o 52,6% de habitantes do concello, tal como ilustra o seguinte gráfico.

² Relación entre o número de habitantes que viven nun territorio e a extensión do mesmo.

Gráfico-2. **Comparativa poboación Vilagarcía núcleo e resto de parroquias. 2021**




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Padrón Municipal.

Segundo esta orde de cousas, o seguinte gráfico amosa o número de habitantes por parroquias desagregado por sexo.

Gráfico-3. POBOACIÓN parroquias **Vilagarcía** segundo sexo coa exclusión de Sta. Eulalia e A Xunqueira.

2021





A parroquia de Sobradelo é a que ten maior poboación (3.508), concentrando o 19,47% das e dos residentes nas parroquias do concello de Vilagarcía, deseguido atopamos a parroquia de Sobrán (3.239), Carril (3.165) e Aeralonga (2.358). Pola contra, Solobeira con 209 habitantes e Fontecarmoa con 505 son as parroquias con menor poboación.

Noutra orde de cousas, a proporción media de mulleres/homes destas parroquias é dun 51,76% de mulleres fronte ao 48,24% de homes. Destacando Cea como parroquia con maior proporción de mulleres (52,68%) e Fontecarmoa como a de menor proporción (51,08%).

Resaltar que a porcentaxe de mulleres de “Vilagarcía núcleo” é de 52,51%.

-Poboación-

Neste apartado expóñense unha serie de indicadores descritivos da situación demográfica de Vilagarcía co obxectivo de obter información que nos permita analizar a estrutura, composición e evolución da poboación, e realizar unha análise comparativa de tipo temporal e territorial. Temporal xa que recollemos os últimos datos dispoñibles (ano 2020) a través do Instituto Galego de Estatística (IGE) –fonte documental de referencia- e os comparamos cos referentes de anos anteriores. Territorial, ao utilizar datos provinciais e galegos.

Aínda que no apartado anterior (territorio) observamos os datos de territorio a grandes trazos, é neste onde afondaremos na súa análise.

Comezamos cos datos totais e desagregados de poboación nos últimos anos.

Táboa-1.Comparativa POBOACIÓN do Concello de **Vilagarcía** segundo sexo 2005-2010-2015-2020

Anos	Mulleres		Homes		Total
	Absoluto	%	Absoluto	%	Absoluto
2005	18.606	51,75%	17.348	48,25%	35.954
2010	19.684	51,90%	18.242	48,10%	37.926
2015	19.504	52,04%	17.978	47,96%	37.482
2020	19.576	52,11%	17.989	47,89%	37.565

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE


Gráfico-4.Evolución da POBOACIÓN do Concello de **Vilagarcía** segundo sexo 2005-2010-2015-2020



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

Nos últimos 15 anos o concello de Vilagarcía gañou 1.611 habitantes o que representa un incremento dun 4,5%. Non obstante, do 2010 ao 2020 perdera un 0,9% de poboación, polo que cómpre observar a evolución da poboación durante estes últimos anos.

Gráfico-5.Evolución da POBOACIÓN do Concello de **Vilagarcía de** 2005 a 2020




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

O gráfico anterior (5), amosa claramente tres etapas na evolución da poboación de Vilagarcía nos últimos quince anos: un elevado incremento entre o 2005 e o 2010, un decenso leve (643 habitantes) entre o 2010 e o 2016 e a partir do 2016 un incremento moderado que se mantén ata o 2020.


Para acadar un maior nivel de análise, cómpre relacionar este comportamento cos datos dos territorios de referencia (comarcais, provinciais e galegos).

Gráfico-6. Evolución da POBOACIÓN da **comarca** do Salnés. 2005 a 2020




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

Gráfico-7. Evolución da POBOACIÓN da **provincia** de Pontevedra. 2005 a 2020



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

Gráfico-8. Evolución da POBOACIÓN de **Galicia**. 2005 a 2020




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

A poboación da comarca, da provincia e a galega teñen un comportamento similar ao de Vilagarcía gañando poboación dende o 2005 ata o 2010/2011 e comezan a perdela a partir do 2011/2012. O descenso é menos acusado na comarca do Salnés pero por outra banda aínda non empezou a remontar. A nivel provincial pérdese un 2,3% de habitantes entre o ano 2011 e o 2018, pero no conxunto de Galicia a perda incrementábase a un 3,5%, ocorrida entre os anos 2010 a 2019 e baixando da poboación que a nivel autonómico se rexistraba en 2005.

En termos comparativos a evolución do número de habitantes de Vilagarcía é moi satisfactoria, tendo en conta as perdas do marco provincial e galego. Xa que mentres a perda de poboación no ámbito galego entre o 2015 e o 2020 foi do 2,19% e o aumento de poboación nese mesmo período na provincia de Pontevedra e na comarca do Salnés foi do 0,76% e 1,89%, respectivamente, Vilagarcía gañou un 4,48% de habitantes.

Gráfico-9. Variación de POBOACIÓN entre 2005 a 2020 en Galicia, provincia, comarca e Vilagarcía.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

A continuación analizamos a evolución da poboación do concello de Vilagarcía, segundo grupos de idade e sexo.

Táboa-2. Poboación segundo sexo e GRANDES GRUPOS DE IDADE. Vilagarcía 2010-2015-2020

Grupos Idades	Anos	Mulleres		Homes		Total
		abs	%	abs	%	Abs
- 16 anos	ano 2010	2.783	49,81%	2.804	50,19%	5.587
	ano 2015	2.736	49,55%	2.786	50,45%	5.522
	ano 2020	2.598	49,12%	2.691	50,88%	5.289
16-64 anos	ano 2010	13.018	50,46%	12.780	49,54%	25.798
	ano 2015	12.567	50,68%	12.228	49,32%	24.795
	ano 2020	12.395	51,02%	11.899	48,98%	24.294
+ 64 anos	ano 2010	3.883	59,36%	2.658	40,64%	6.541
	ano 2015	4.201	58,63%	2.964	41,37%	7.165
	ano 2020	4.583	57,42%	3.399	42,58%	7.982

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

Da lectura da táboa anterior (2) despréndese que en todos os anos analizados a poboación de homes menores de 16 anos é sensiblemente maior que a de mulleres, como é norma tendo en conta que en termos xerais nacen máis nenos que nenas.

A poboación en idade activa ten unha relación durante este último decenio de mulleres/homes de 51-49 de forma case invariable. É na poboación maior de 64 anos onde a proporción de mulleres é acusadamente maior, no ano 2020 de cada 100 habitantes 57 son mulleres e 42 son homes, amosando nesta última década un incremento da porcentaxe de homes de forma comparativa (1,94%).

Os mesmos datos brutos analizados na táboa anterior (2), han ser obxecto de análise dende a óptica do peso de mulleres e homes na poboación total e non no rango de idades.

Táboa-3. Poboación segundo sexo por GRANDES GRUPOS DE IDADE. Vilagarcía 2010-2015-2020

Anos	Grupos Idades	Mulleres		Homes	
		abs	%	abs	%
2010	- 16 anos	2.783	14,14%	2.804	15,37%
	16-64 anos	13.018	66,13%	12.780	70,06%
	+ 64 anos	3.883	19,73%	2.658	14,57%
	<i>TOTAL</i>	19.684	<i>100,00%</i>	18.242	<i>100,00%</i>
2015	- 16 anos	2.736	14,03%	2.786	15,50%
	16-64 anos	12.567	64,43%	12.228	68,02%
	+ 64 anos	4.201	21,54%	2.964	16,49%
	<i>TOTAL</i>	19.504	<i>100,00%</i>	17.978	<i>100,00%</i>
2020	- 16 anos	2.598	13,27%	2.691	14,96%
	16-64 anos	12.395	63,32%	11.899	66,15%
	+ 64 anos	4.583	23,41%	3.399	18,89%
	<i>TOTAL</i>	19.576	<i>100,00%</i>	17.989	<i>100,00%</i>

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

A táboa anterior (2.1) reflicte que o maior peso da poboación, en todos os anos analizados e tanto para mulleres como para homes, atópase na franxa de 16 a 64 anos. Neste último decenio obsérvase un incremento das e dos maiores de 64 anos, o que supón un avellentamento progresivo da poboación. Para as mulleres supón un aumento de 3,68 puntos porcentuais, e no caso dos homes de 4,32. Non obstante, mentres que as diferenzas entre as menores de 16 anos e as maiores de 64 vai incrementándose a razón de maior peso da poboación de maiores que de

menores (no ano 2010 de 5,59 puntos porcentuais; no 2015 de 7,51 e no 2020 de 10,14), no caso dos homes en 2010 aínda tiña maior peso o grupo de menores de 16 (0,8 puntos porcentuais de diferenza) situación que muda a partir de 2015 (0,99) e xa en 2020 se consolida o peso do grupo de maiores de 64 anos (3,93). Estes indúcenos a afirmar que a poboación de Vilagarcía incrementa o peso das persoas maiores de 64 anos tanto en homes como en mulleres, supoñendo o peso deste sector da poboación cada vez maior respecto do total, especialmente entre as mulleres.

A continuación abordamos a análise da poboación estranxeira, tanto no seu peso sobre a poboación total como na súa procedencia, mediante datos globais, datos desagregados, anos de evolución e comparativas territoriais.


En termos xerais, as persoas nadas no estranxeiro supoñen un 9,4% do total da poboación de Vilagarcía, sendo esta proporción maior entre as mulleres (o 10,16%) que entre os homes. En relación a 2010, a porcentaxe de persoas nadas no estranxeiro aumentou nun punto porcentual, como podemos ver na seguinte táboa.

Táboa-4. Poboación nacida no ESTRANXEIRO segundo sexo. **Vilagarcía 2010-2020**

Ano		Mulleres		Homes		Total	
		abs	%	abs	%	abs	%
2010	Total poboación	19.926	100%	18.242	15,37%	37.926	100%
	P. nadas no estranxeiro	1.630	8,28%	1.541	8,45%	3.171	8,36%
2020	Total poboación	19.576	100%	17.989	100%	37.565	100%
	P. nadas no estranxeiro	1.988	10,16%	1.529	8,5%	3.517	9,36%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

Gráfico-10. Procedencia da POBOACIÓN ESTRANXEIRA segundo sexo en **Vilagarcía**. 2020




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

Ao analizar a procedencia das persoas estranxeiras (gráfico 11), observamos como a maior parte destas proveñen, de América (2.261 persoas) e en menor medida de Europa (1.046 persoas). Con todo, apréciase que mentres que as mulleres son maioría entre as persoas nadas en Europa e América, para as procedentes de África e Asia hai máis homes que mulleres.

Tendo en conta este dato, é conveniente analizar esta poboación desagregada por sexo e por país de procedencia.

Gráfico-11. Procedencia por países da POBOACIÓN ESTRANXEIRA segundo sexo. **Vilagarcía**. 2020



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

O gráfico anterior (gráfico 12) amosa grandes diferenzas nalgúns das procedencias máis habituais en Vilagarcía, como nos casos de Romanía, Brasil, Colombia, República Dominicana e Venezuela, para as que o número de mulleres é moi superior ao de homes.

Unha vez analizado o peso da poboación estranxeira no total da poboación, sinalamos os datos de emigración e inmigración para o 2020 nos territorios de referencia, así como o saldo migratorio³.

Táboa-5. EMIGRACIÓN, INMIGRACIÓN e SALDO MIGRATORIO segundo sexo.
Vilagarcía/Provincia/Galicia. 2020

	Vilagarcía	provincia	Galicia
--	------------	-----------	---------

³ Diferenza entre o número de persoas inmigrantes e o número de persoas emigrantes.

	Mull.	Hom.	Total	Mull.	Hom.	Total	Mull.	Hom.	Total
Inmigr.	611	649	1.260	15.104	15.108	30.212	49.077	48.251	97.328
Emigr.	556	530	1.086	12.844	12.872	25716	41.648	41.064	82.712
Saldo Migrat	55	119	174	2.260	2.236	4.496	7.429	7.187	14.616

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

A táboa 5, amosa un saldo migratorio positivo tanto para o concello de Vilagarcía, como para os territorios de referencia, o que significa ganancia de poboación. Sen embargo, mentres que os datos de persoas inmigrantes e emigrantes na provincia e en Galicia apenas amosan diferenzas na variable sexo, a nivel municipal o saldo migratorio de mulleres supón a metade que o de homes.

A continuación analizaremos diversos indicadores demográficos, durante os anos establecidos e nos territorios de referencia: Idade media; Taxa bruta de natalidade; Idade media á maternidade; Taxa bruta de mortalidade, e; Evolución do crecemento vexetativo.

Táboa-6. Comparativa da IDADE MEDIA da poboación segundo sexo.
Vilagarcía/Provincia/Galicia. 2010-2015-2020

	Vilagarcía			provincia			Galicia		
	Mulleres	Homes	Total	Mulleres	Homes	Total	Mulleres	Homes	Total
ano 2010	42,71	39,94	41,37	44,33	40,99	42,71	46,39	43,17	44,83
ano 2015	44,54	41,49	43,07	45,94	42,62	44,33	47,78	44,56	46,22
ano 2020	46,12	43,08	44,66	47,46	44,21	45,88	49,01	45,84	47,48

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

A idade media de mulleres e homes de Vilagarcía (táboa 6) é a menor nos anos e territorios analizados. Do mesmo modo, a idade media das mulleres é superior á dos homes, sempre e en cada caso dos anos e dos territorios estudados,. Por outra banda observamos que nestes dez anos, a idade media de mulleres e homes aumentou en todos os territorios.

Táboa-7. Comparativa da TAXA BRUTA DE NATALIDADE e IDADE MEDIA Á MATERNIDADE.
Vilagarcía/Provincia/Galicia. 2010-2015-2019

	TAXA BRUTA DE NATALIDADE			IDADE MEDIA Á MATERNIDADE		
	Vilagarcía	Provincia	Galicia	Vilagarcía	Provincia	Galicia
ano 2010	8,84	8,83	7,95	30,92	31,65	31,77
ano 2015	8,71	7,43	7,12	32,23	32,63	32,55
ano 2019	7,91	6,29	5,82	32,73	32,85	32,81

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

A Taxa Bruta de Natalidade, indica o total de nacementos por cada mil habitantes no 2010, 2015 e 2019 nos territorios de referencia. Comparativamente Vilagarcía ten a taxa bruta de natalidade máis alta, non obstante, atópase en clara recesión.

Un dato complementario á taxa bruta de natalidade é a idade media á hora de ter descendencia. Neste último decenio a idade media de maternidade incrementase en todos os territorios. En todos os anos analizados as mulleres vilagarcíás son as de idade máis baixa á hora de ter crianzas, en comparación coa media provincial e galega, aínda que a tendencia é a aproximarse.

Táboa-8. Comparativa da TAXA BRUTA DE MORTALIDADE
Vilagarcía/Provincia/Galicia. 2010-2015-2019

	Vilagarcía			provincia			Galicia		
	Mulleres	Homes	Total	Mulleres	Homes	Total	Mulleres	Homes	Total
ano 2010	7,61	8,56	8,07	8,77	9,38	9,07	10,30	11,18	10,73
ano 2015	9,11	9,84	9,47	9,90	9,72	9,81	11,28	11,98	11,62
ano 2019	9,23	10,78	9,98	9,66	10,23	9,94	11,21	11,97	11,57


Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

A táboa 8, amosa como Vilagarcía é o territorio onde hai menor cantidade de defuncións producidas nun ano por cada 1.000 habitantes. Existe un crecemento xeral dende o 2010 ata o 2019 no número de falecementos a nivel municipal e provincial mentres que no ámbito autonómico os valores máis altos danse en 2015 reducíndose lixeiramente despois. Non obstante, Vilagarcía é o territorio que presenta o maior incremento no número de falecementos totais neste espazo temporal (1,91) en comparación da provincia (0,87) e de Galicia (0,84). O incremento é superior entre os homes (2,22), ao igual que no resto dos territorios estudados e para todos os anos.

Tendo en conta os datos analizados nas táboas anteriores, cómpre analizar o saldo vexetativo⁴. Para facilitar a visualización deste dato utilizaremos unha gráfica por territorio.


⁴ Diferenza entre nacementos e defuncións ocorridos nun territorio dado durante un tempo definido.

Gráfico-12. Evolución do SALDO VEXETATIVO. **Vilagarcía**. 2005 a 2020




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE.

Gráfico-13. Evolución do SALDO VEXETATIVO. **Provincia**. 2005 a 2020



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE.

Gráfico-14. Evolución do SALDO VEXETATIVO. Galicia. 2005 a 2020



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE.

Da lectura destes gráficos (12, 13 e 14) podemos afirmar que o concello de Vilagarcía presenta datos menos negativos que os outros territorios analizados. A mosca unha gráfica en dente de serra cunha tendencia descendente e lixeiras remontadas nos anos 2009, 2013, 2016 e 2019 pero cuxas marcas máis significativas son o abandono de cifras en positivo desde 2011 e a brusca e acusada caída producida en 2018.

Pola contra o saldo vexetativo da provincia de Pontevedra é negativo para todos os anos analizados excepto o 2008 e 2009, presentando o último ano analizado (2020) o maior saldo negativo (-4.120). O panorama galego é aínda máis desalentador, con saldos negativos en todo o espazo temporal analizado e clara tendencia descendente desde 2008, sendo o último ano analizado (2020) o de maior perda (-17.559).

Para finalizar este apartado, analizaremos determinados indicadores de poboación: Índice de envellecemento, Índice de sobreenvellecemento e Índice de dependencia global.

A lonxevidade, entendida como a duración da vida do ser humano, incrementouse de forma espectacular durante todo o século XX e segue avanzando no século XXI. O envellecemento

poboacional é un dos temas que máis preocupa actualmente en Galicia, precisamente por ser unha das rexións nas que este fenómeno se presenta con maior intensidade no territorio español e europeo.

O grupo de poboación que se pode identificar co distintivo “persoa maior” precisa de información específica. A porcentaxe de poboación de 65 ou máis anos con respecto ao total de poboación de Galicia aumenta ano tras ano. Na actualidade representa o 25,4% (ano 2020) e as previsións apuntan a que se situará no 33,0% dentro de 14 anos.

Táboa-9. Comparativa do ÍNDICE DE ENVELLECIMENTO segundo sexo.
Vilagarcía/Provincia/Galicia. 2010-2015-2020

	Vilagarcía			provincia			Galicia		
	Mulleres	Homes	Total	Mulleres	Homes	Total	Mulleres	Homes	Total
ano 2010	107,25	71,03	88,79	129,49	83,39	105,63	167,47	112,92	139,37
ano 2015	123,48	82,61	102,58	145,56	97,04	120,34	181,17	124,63	151,94
ano 2020	136,2	96,05	115,66	159,08	108,45	132,72	189,67	133,06	160,4

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

A táboa 9, amosa o número de persoas de 65 ou máis anos por cada 100 persoas menores de 20 anos, este dato axúdanos a analizar o proceso de envellecemento dun territorio, e comprobar que Vilagarcía é con moita diferenza o territorio analizado con menor índice de envellecemento. Non obstante, se analizamos os datos desagregados por sexo, observamos como o índice de envellecemento é moito máis elevado no caso das mulleres que no dos homes, a tal punto que se analizamos este índice no 2020 para os vilagarcíans, por cada 100 menores de 20 anos hai 96 maiores de 65; mentres que no caso das vilagarcíais por cada 100 menores de 20 anos hai máis de 136 maiores de 65.

Táboa-10. Comparativa do ÍNDICE DE SOBREENVELLECIMENTO segundo sexo.
Vilagarcía/Provincia/Galicia. 2010-2015-2020

	Vilagarcía			provincia			Galicia		
	Mulleres	Homes	Total	Mulleres	Homes	Total	Mulleres	Homes	Total
ano 2010	14,4	8,09	11,83	16,39	9,23	13,46	17,18	10,67	14,46
ano 2015	16,05	9,56	13,38	18,01	10,87	15,02	19,34	12,64	16,5

ano 2020	19,21	12,75	16,47	20,59	13,29	17,49	22,23	15,05	19,15
-------------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

Outro indicador de como envellece unha poboación é o índice de sobreenvellecemento, ou como se estrutura o grupo de persoas de 65 anos ou mais, calculando a porcentaxe que representa neste grupo a poboación de 85 ou máis anos.

O índice de sobreenvellecemento de Vilagarcía é similar, en todos os anos analizados ao mesmo dato para a provincia de Pontevedra, paralelamente este índice sempre é maior no caso das mulleres –en todos os territorios e en todos os anos analizados-. Pódese observar como a porcentaxe de maiores de 85 anos na poboación de persoas con máis de 65 anos, vai incrementándose paulatinamente, asumindo máis peso no caso das mulleres.

Unha das preocupacións que xorde a raíz do envellecemento dunha poboación é como se incrementa a denominada poboación en idade potencialmente dependente; o “Índice de dependencia senil” calcula cantas persoas de 65 ou máis anos viven nun territorio por cada 100 persoas en idade potencialmente activa (de 15 a 64 anos). Este indicador en Galicia presenta un incremento continuo nos últimos anos e grandes diferenzas entre ambos os dous sexos.

Táboa-10. Comparativa do ÍNDICE DE DEPENDENCIA SENIL segundo sexo.
Vilagarcía/Provincia/Galicia. 2010-2015-2020


	Vilagarcía			provincia			Galicia		
	Mulleres	Homes	Total	Mulleres	Homes	Total	Mulleres	Homes	Total
ano 2010	29,09	20,3	24,73	32,53	22,52	27,53	38,86	27,89	33,38
ano 2015	33,24	23,76	28,55	37,03	26,75	31,89	43,05	31,81	37,44
ano 2020	36,33	27,66	32,06	40,53	30,17	35,36	46,04	34,89	40,49

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

Como amosaban xa os indicadores anteriores, Vilagarcía é o territorio estudado que presenta niveis máis baixos de dependencia senil, amosando menor proporción de poboación envellecida que os outros territorios.

Todos os datos mencionados neste apartado de demografía visualízanse na pirámide de poboación. Esta é a representación gráfica en diagrama de barras, da estrutura dunha poboación por sexo e grupos de idade.

Gráfico-15. PIRÁMIDE de poboación. **Vilagarcía 2020**



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

A pirámide demográfica de Vilagarcía para o ano 2020 (gráfico 15) é unha pirámide regresiva ou invertida con base máis estreita que os chanzos centrais, típicas dos países desenvolvidos. Por outra banda a súa base supera á cúspide no caso dos varóns, o que significa que os nacementos



de homes aínda superan aos falecementos, non sendo así no caso das mulleres, dato congruente con índices de envellecemento e sobreenvellecemento elevados para a poboación feminina. Os chanzos máis ensanchados dunha pirámide, é onde se sitúa a maioría da poboación, e para a pirámide demográfica de Vilagarcía do ano 2020, esta sitúase na idade adulta entre os 35 e 64 anos, fundamentalmente no tramo de 40 a 44 anos as mulleres e no de 45 a 49 para os homes. Especialmente rechamante é a diferenza entre mulleres e homes no chanzo de maiores de 84 anos e o peso que este tramo de idade ten entre as mulleres maiores de Vilagarcía.

-Mercado laboral-

No apartado *Mercado Laboral* achegámonos aos datos do marco produtivo, contratación e desemprego.

Táboa-11. EMPRESAS segundo Condición xurídica, Actividade e Persoas asalariadas.
Vilagarcía – Provincia 2020

		Vilagarcía		Provincia PO	
		Abs.	%	Abs.	%
Condición Xurídica	P. Físicas	2195	65,90%	49396	60,31%
	S.A.	27	0,81%	1013	1,24%
	S.L.	878	26,36%	24996	30,52%
	Cooperativa	5	0,15%	343	0,42%
	Outros	226	6,78%	6152	7,51%
Actividade	Agric./Pesca	633	19,00%	10355	12,64%
	Industria	149	4,47%	4966	6,06%
	Construción	305	9,16%	9633	11,76%
	Servizos	2244	67,37%	56946	69,53%
Persoas Asalariadas	0-2	2910	87,36%	69456	84,81%
	3-5	223	6,69%	6382	7,79%
	6-9	73	2,19%	2673	3,26%
	10-19	67	2,01%	1834	2,24%
	20-49	42	1,26%	1040	1,27%
	50-99	11	0,33%	315	0,38%
	100-249	3	0,09%	151	0,18%
	Más 249	2	0,06%	49	0,06%


Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

A táboa anterior amosa, respecto da condición xurídica do tecido empresarial de Vilagarcía, que ao igual que na provincia de Pontevedra, máis de 6 de cada 10 empresas están constituídas por

persoas físicas (autónomos e autónomas), sendo superior a porcentaxe destas empresas a nivel municipal e inferior á provincial para o resto de formas xurídicas.

Destas empresas 2 de cada 3 atópanse encadradas no sector servizos, realidade compartida cun moi lixeiro incremento no ámbito provincial. Pola contra, a porcentaxe de empresas dedicadas á agricultura ou á pesca é case sete puntos superior en Vilagarcía en comparación co total da provincia. En relación aos postos de traballo que xera este tecido empresarial, o 87% das empresas ou non teñen persoal empregado ou teñen menos de 2, dato similar a nivel provincial e que describe un marco produtivo de autoemprego. Dende unha clasificación empresarial, Vilagarcía –ao igual que a provincia de Pontevedra- conta cun 96% de microempresas⁵.

Gráfico-16. CONTRATOS INICIAIS segundo sexo e DURACIÓN. **Vilagarcía 2021**




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

O gráfico 16 amosa como, en termos xerais, dos 12.401 contratos iniciais que se realizaron no 2021, o 41,79% foron asinados por mulleres (5.182) e o 58,21% (7.219) por homes.

Os contratos indefinidos son unha pequena parte do total dos contratos asinados para ambos os dous sexos (3,8%) e practicamente non houbo diferenza entre mulleres e homes. Pola contra, a porcentaxe de mulleres contratadas en modo temporal é moi inferior á dos homes (41,45% fronte a 58,55%).

⁵ Empresas con menos de 10 persoas contratadas.


Gráfico-17. CONTRATOS INICIAIS segundo sexo e GRUPOS DE IDADE do contrato. **Vilagarcía 2021**



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

Con referencia á idade das persoas que asinaron contratos iniciais no 2021, o gráfico 17 amosa como a idade afecta na contratación tanto para as mulleres como para os homes, supoñendo o sector de entre 35 e 54 anos o máis numeroso e caendo abruptamente a contratación a partir dos 55 anos. Non obstante, esta caída ten moita maior repercusión negativa no grupo de mulleres, xa que mentres que do total de mulleres con contratos iniciais o 43,63% son menores de 34 anos, o 47,79% teñen entre 34 a 54 anos, e o 8,59% son maiores de 55 anos, estes mesmos porcentaxes para os homes son respectivamente: 39,5%, 45,45% e 15,05%.

Gráfico-18. CONTRATOS INICIAIS segundo FORMACIÓN. **Vilagarcía 2021**




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

Respecto da relación dos contratos iniciais e o nivel de formación (gráfico 18), en termos xerais, máis da metade dos contratos asínanse con persoas con estudos secundarios, e 2 de cada 10 con persoas con estudos primarios.


Nos seguintes gráficos (19 e 20) abordamos, desagregado por sexo, os datos vencellados á formación.

Gráfico-19. Porcentaxe de CONTRATOS INICIAIS segundo sexo e FORMACIÓN. **Vilagarcía 2021**




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

Gráfico-20. Distribución de CONTRATOS INICIAIS por sexo e FORMACIÓN. Vilagarcía 2021



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

Gráfico-21. Porcentaxe de CONTRATOS INICIAIS segundo FORMACIÓN por SEXO. Vilagarcía 2021



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

Dos datos achegados polos gráficos anteriores que relacionan a contratación inicial co sexo e coa formación podemos destacar as seguintes conclusións:

- En todos os niveis de formación a contratación de homes é superior á de mulleres a excepción do grupo “Sen clasificar” que practicamente non se utiliza e supón un insignificante 0,06% do total dos contratos iniciais realizados no ano 2021.
- A maior contratación inicial para ambos os dous sexos corresponde coas persoas con estudos secundarios, en proporción similar dentro do conxunto de contratos asinados para cada sexo.
- O seguinte maior nivel de contratación en relación cos estudos son os estudos primarios, sendo este nivel porcentualmente máis importante entre as mulleres.
- En relación ás persoas con estudos superiores, a diferenza porcentual entre sexos é significativa: mentres que este tipo de contrato inicial supón un 20,18% do total dos contratos asinados por mulleres, esta cifra baixa ao 15,91% dos realizados a homes. En termos absolutos este é o nivel onde os contratos realizados amosan menos diferencias, polo que podemos concluír que o incremento de estudos opera positivamente no caso da contratación de mulleres.
- O último nivel de contratación correspóndese coas persoas sen estudos ou que o IGE nomea tamén como analfabetos, que representan un 8,3% da contratación inicial para os homes fronte ao 1,88% para as mulleres. En termos absolutos por cada muller sen estudos que asina un contrato inicial fano 7 homes, polo que queda claro as dificultades das mulleres sen formación para acceder ao mercado laboral son moi superiores ás dos homes na mesma situación.

Dende a táboa 12 ao gráfico 26, analizamos os datos de contratos rexistrados no 2021 en función do tipo da modalidade do contrato, tipo de xornada e sector de actividade.

Táboa-12. CONTRATOS rexistrados segundo sexo e MODALIDADE DE CONTRATO. **Vilagarcía 2021**


Modalidade de contrato	Mulleres		Homes		Total
	Abs.	%	Abs.	%	Abs.

Indefinido ordinario e fomento do emprego	236	50,54%	231	49,46%	467
De obra ou servizo	1.410	23,06%	4.704	76,94%	6.114
Eventual por circunstancias da produción	2.934	58,77%	2.058	41,23%	4.992
Interinidade	550	78,57%	150	21,43%	700
En prácticas	23	33,33%	46	66,67%	69
Para a formación	17	60,71%	11	39,29%	28
Outros	12	38,71%	19	61,29%	31
Conversión a indefinidos	301	50,67%	293	49,33%	594
Total	5.483	42,19%	7.512	57,81%	12.995

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

A táboa anterior amosa, en datos xerais, como as modalidades de contrato máis representadas son a *de obra ou servizo* (47,05%) seguida da *eventual por circunstancias da produción* (38,21%). Na primeira a relación mulleres-homes é a que amosa unha maior descompensación a favor dos homes, mentres que na segunda a relación mulleres-homes é parella. A modalidade onde a diferenza en función do sexo é maior é na de *interinidade* que claramente favorece ás mulleres aínda que este tipo de contratación só supón un 5,39% do total de contratacións.


Gráfico-22. CONTRATOS segundo TIPO DE XORNADA. Vilagarcía 2021



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE.

Os datos dos gráficos anteriores, amosan que o traballo a tempo parcial representa o tipo de xornada do 24% dos contratos, mentres que os de xornada completa supoñen o 75% .


Gráfico-23. Porcentaxe de CONTRATOS segundo sexo e TIPO DE XORNADA. Vilagarcía 2021



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE


Observando a variable sexo (gráfico 23), do total de contratos a tempo parcial, máis do 70% corresponden a traballadoras. Pola contra, nos relativos a tempo completo case 7 de cada 10 corresponden a homes e pouco mais de 3 a mulleres.

Gráfico-24. CONTRATOS segundo SECTOR DE ACTIVIDADE. Vilagarcía 2021



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE


Gráfico-25. CONTRATOS segundo SECTOR DE ACTIVIDADE. Provincia Pontevedra 2021



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE


Segundo actividade (gráfico 24), Servizos é o principal motor da contratación no concello de Vilagarcía, aglutinando a case 7 de cada 10 persoas contratadas no concello, mentres que a Industria recolle 1 de cada 4 contratos realizados. En comparación aos datos a nivel provincial (gráfico 25), vemos que a importancia pesqueira do porto de Vilagarcía non se reflicte nunha maior contratación que no resto da provincia, pero que o sector Industria ten un peso maior, catro puntos porcentuais, con respecto aos contratos do resto de Pontevedra.

Gráfico-26. Porcentaxe de CONTRATOS segundo sexo e SECTOR DE ACTIVIDADE Vilagarcía 2021



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

Gráfico-27. Porcentaxe de CONTRATOS segundo sexo e SECTOR DE ACTIVIDADE Prov. Pontevedra 2021



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

Os gráficos 26 e 27 amosan a distribución de contratos asinados por homes e mulleres en cada sector. A tendencia é similar nos dous territorios: en todos os sectores se produce unha maior contratación de homes, sendo o da construción onde máis evidente resulta a diferenza. Sen embargo, mentres que no resto da provincia no sector servizos os contratos de homes e mulleres son case parellos, este equilibrio non existe no concello de Vilagarcía, onde hai case 22 puntos porcentuais de diferenza a favor da contratación masculina (61,77% dos contratos a homes fronte o 38,23% a mulleres). É no sector da Industria onde a diferenza da contratación entre sexos é menor no concello, debido principalmente á importante existencia de industrias alimentarias na contorna, onde a proporción de mulleres empregadas é maior que no resto do sector.

Para pechar esta análise dos datos de contratación, cómpre destacar as seguintes conclusións:

- A porcentaxe de mulleres contratadas baixo calquera tipoloxía e en calquera sector sempre é menor que o mesmo dato no caso dos homes, excepto no caso de contratos iniciais indefinidos onde son cifras parellas, aínda que só supoñen o 3,8% do total dos contratos de 2021.
- O incremento de idade opera negativamente na contratación, tanto de mulleres como de homes, pero especialmente no caso das mulleres.

- O incremento de estudos actúa positivamente no caso da contratación de mulleres.
- Do total de contratos a tempo parcial de Vilagarcía de cada 10, máis de 7 corresponden a traballadoras.

Táboa-13. Datos xerais de DESEMPREGO segundo sexo. **Vilagarcía – Provincia de Pontevedra. 2021**


	Mulleres		Homes		Total
	Abs.	%	Abs.	%	Abs.
Vilagarcía	1.758	56,78%	1.338	43,22%	3096
Prov. Pontevedra	37.013	58,41%	26.352	41,59%	63.366

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

Os datos xerais de desemprego no ano 2021 (táboa 13) amosan que tanto a nivel provincial como municipal o desemprego feminino supera ao masculino, aínda que a diferenza en Vilagarcía é inferior ao provincial. A nivel municipal a diferenza do desemprego feminino con respecto ao masculino é de 13,5 puntos porcentuais, fronte aos 17 puntos de diferenza que hai a nivel do total provincial.

No seguinte gráfico (28) comparamos o paro feminino e masculino, segundo tramo de idade.


Gráfico-28. PARO segundo sexo e IDADE. Vilagarcía 2021



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

A curva descrita por este gráfico amosa unha tendencia na que o incremento de idade marca un incremento de desemprego, acadando a cota máis alta no tramo de idade de 50 a 59. Ata os 29 anos de idade o paro feminino e masculino avanza parello, é a partir dos 30 anos onde o incremento do paro feminino comeza a despuntar comparativamente ao dos homes. O intervalo de idade onde a diferenza entre o desemprego de mulleres e homes é maior é entre os 40 e os 54 anos.


Gráfico-29. Comparativa de PARO segundo sexo e DURACIÓN da DEMANDA. Vilagarcía 2021



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

A maior parte das persoas paradas atópanse nesa situación desde hai máis de un ano. O paro feminino é superior en todos os tramos, aínda que a diferenza numérica só é significativa no da longa duración.

Gráfico-30. Comparativa de PARO segundo sexo e SECTOR de ACTIVIDADE. **Vilagarcía 2021**



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

O sector de actividade que concentra máis persoas desempregadas é “servizos”, no que hai un claro desequilibrio por sexo, ao igual que no apartado “Sen emprego anterior” no que as

mulleres desempregadas son o dobre que os homes. O mesmo desequilibrio pero inverso dáse no sector da construción onde os homes desempregados son case 5 veces máis que as mulleres, mentres que na industria e no de agricultura e pesca, aínda habendo máis homes como demandantes de emprego, o desequilibrio é menor.

Á vista dos datos de desemprego analizados, podemos tirar as seguintes conclusións:


- O paro feminino supera ao masculino en 13 puntos porcentuais.
- En xeral, a maior idade, máis desemprego. O intervalo de idade onde a diferenza entre o desemprego de mulleres e homes é maior é entre os 40 e os 54 anos.
- A maior parte do desemprego en Vilagarcía é de longa duración, sendo as mulleres o 61,5% das persoas en paro desde hai máis de un ano.
- En termos xerais, o sector servizos é o que aglutina maior número de persoas en situación de desemprego e, do mesmo modo, o 61% das persoas paradas en “servizos” son mulleres.

-Benestar social-

Neste apartado analizamos os datos sobre o concello de Vilagarcía de Arousa recollidos do Instituto Galego de Estatística relativos a: Número de pensionistas da Seguridade Social; Importe medio das pensións; Persoas beneficiarias de Pensións Non Contributivas (PNC); Persoas beneficiarias da Renda de Integración Social Galega (RISGA) e de Axudas de Inclusión Social (AIS), e; Persoas con discapacidade segundo tipoloxía e grao.

Estes datos son analizados no último ano natural no que atopamos estatísticas, que pode variar entre o 2016 e o 2020 en función dos datos buscados e, cando corresponda, en anos anteriores co obxecto de comparar a mesma información nun marco temporal. En canto ao marco territorial a referencia será o provincial.

Gráfico-31. Comparativa NÚMERO DE PENSIONISTAS da Seguridade social segundo sexo.
Vilagarcía 2014-2019.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

Respecto das persoas cunha pensión contributiva (gráfico 31), a relación de mulleres e homes mantense estable ao redor do 49% mulleres- 51% homes. Non obstante, aínda que a relación porcentual case non varía, os datos amosan que o número de mulleres pensionistas incrementábase lixeiramente máis que o de homes (6% fronte ao 4,3%).

A continuación analizamos o importe medio das pensións que percibe o grupo anteriormente sinalado, tanto en Vilagarcía como no territorio provincial.

Táboa-14. Comparativa IMPORTE MEDIO das PENSIÓNS por sexo. **Vilagarcía-Provincia** 2011-2017.

	Ano 2014			Ano 2019		
	Mulleres	Homes	Media total	Mulleres	Homes	Media total
Vilagarcía	717,88	993,49	858,49	831,49	1.098,21	966,47
Provincia Pontevedra	728,19	1.038,51	884,62	847,27	1.161,14	1.005,21

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

Analizando os datos achegados na táboa 14 podemos afirmar que:

- O importe medio das pensións é sempre menor para as mulleres que para os homes, nos territorios e no marco temporal analizado.
- O importe medio das pensións para o concello de Vilagarcía de Arousa é inferior que o mesmo dato referido á provincia de Pontevedra, tanto para homes como para mulleres e tanto no 2014 como no 2019.
- Os datos relativos a Vilagarcía desvelan que no 2014 o importe medio das pensións das mulleres representou un 16,3% menos que a media, mentres que o dos homes foi un 15,7% superior. Estas diferencias víronse reducidas co tempo, sendo en 2019 dun -13,9% para a pensión das mulleres e dun 13,6% para a pensión dos homes con respecto da media.
- Os datos provinciais revelan en 2014 o importe medio das pensións das mulleres foi un 17,6% menor que o importe medio de ámbolos dous sexos mentres que o importe medio das pensións cobradas polos homes foi un 12,3% maior que a media. Ao igual que no nivel municipal estas diferencias víronse diminuídas en 2019, sendo dun -15,7% e 15,5% de diferenza respecto da media para mulleres e homes, respectivamente.
- En consecuencia, evidénciase que os homes perciben un importe medio de pensión superior nun 27% ao das mulleres en Vilagarcía e dun 31% no total da provincia.

Estes datos amosan unha fenda de xénero que alimenta a feminización da pobreza das mulleres maiores, incrementando a vulnerabilidade das mesmas.


Táboa-15. Comparativa persoas beneficiarias de PNC segundo sexo e tipo de pensión.
Vilagarcía 2014-2020

	Ano 2014					Ano 2020				
	Mulleres		Homes		Total	Mulleres		Homes		Total
	Abs	%	Abs	%	Abs	Abs	%	Abs	%	Abs
Invalidez	152	51,01%	146	48,99%	298	137	51,89%	127	48,11%	264
Xubilación	278	77,44%	81	22,56%	359	310	79,49%	80	20,51%	390
TOTAL PNC's	430	65,45%	227	34,55%	657	447	68,35%	207	31,65%	654

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE


As pensións non contributivas (PNC), son prestacións económicas da seguridade social que se recoñecen ás persoas que atopándose en situación de necesidade protexible, carezan de recursos suficientes para a súa subsistencia nos termos legalmente establecidos, aínda cando nunca cotizaran ou non o fixeran durante o tempo suficiente para acadar as prestacións do nivel contributivo. A táboa 15 amosa unha relación relativamente equilibrada nas PNCs por invalidez pero as PNCs de xubilación, de forma maioritaria e ao longo dos anos, son percibidas por mulleres, tendencia que se incrementa en 2020 con respecto ao 2014 (Gráficos 32 e 33)

Gráfico-32. Persoas beneficiarias de PNC segundo sexo e tipo de pensión. Vilagarcía 2014



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

Gráfico-33. Persoas beneficiarias de PNC segundo sexo e tipo de pensión. **Vilagarcía 2020**



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE


Táboa-16. Comparativa persoas beneficiarias de RISGA e AIS segundo sexo.
Vilagarcía. 2014-2020

	Ano 2014					Ano 2020				
	Mulleres		Homes		Total	Mulleres		Homes		Total
	Abs	%	Abs	%	Abs	Abs	%	Abs	%	Abs

RISGA	161	61,45%	101	38,55%	262	133	64,56%	73	35,44%	206
AIS	44	62,86%	26	37,14%	70	16	48,48%	17	51,52%	33

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE.


Gráfico-34. Comparativa persoas beneficiarias de RISGA e AIS segundo sexo.
Vilagarcía. 2014-2020



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

Inseridas nas políticas de Inclusión Social atópanse a Renda de Integración Social Galega (RISGA) e as Axudas de Inclusión Social (AIS). A este respecto, observamos na táboa 16 como en termos xerais, no concello de Vilagarcía as RISGAS diminuíron nun 21,3% nos últimos seis anos, e as AIS reducíronse á metade. Por outra parte 6 de cada 10 persoas que perciben RISGAS son mulleres en toda a referencia temporal estudada, mentres que a AIS pasou do 62% de perceptoras a unha situación de equilibrio entre mulleres e homes en 2020.

Gráfico-35. Persoas con DISCAPACIDADE segundo tipo e grao por sexo. **Vilagarcía 2016**



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

Con respecto ás persoas con discapacidade, o gráfico anterior amosa que na medida que o grao de discapacidade se incrementa, redúcese o número de persoas discapacitadas, para todos os tipos de discapacidade (física, psíquica e sensorial). O tipo de discapacidade máis frecuente é a física, independentemente do sexo.

Na tipoloxía de discapacidade física e psíquica é maior o número de mulleres que de homes en todas as porcentaxes de discapacidade. Con respecto da sensorial tamén é maior o número de mulleres, excepto na do grao máis leve onde os homes representan o 53,7%.

As porcentaxes de mulleres e homes segundo o grao de discapacidade sempre é levemente superior para as mulleres, incrementándose esta diferenza a favor das mulleres en canto a discapacidade é máis severa. Do 33% ao 64% de discapacidade o 54,6% son mulleres e o 45,4% homes. No seguinte grao de discapacidade (65% a 74%) o 55,9% son mulleres e o 44,1% homes. Por último no grao de discapacidade do 75% ou máis o 59,8% son mulleres e o 40,2% homes.

Os datos obtidos relativos a pensións contributivas e non contributivas, rendas e axudas á inserción, e situacións de discapacidade debuxan unha clara situación de vulnerabilidade e risco de pobreza e exclusión social por razón de sexo.


-Violencias machistas-

En *Violencias Machistas* recolleemos, a partir dos datos obtidos no portal estatístico da “Delegación del Gobierno para la violencia de género” e do “Consejo General del Poder Judicial”, información dos últimos dez anos sobre: Denuncias, condenas, ordes de protección e, vítimas, no territorio español, galego, provincial e por partido xudicial.

Un dos atrancos atopados á hora de recoller estes datos é a imposibilidade de atopar información a nivel municipal. O máis achegado ao territorio municipal son os datos dos partidos xudiciais tendo en conta que un partido xudicial aglutina varios concellos. O Partido xudicial de Vilagarcía de Arousa é un dos 45 partidos xudiciais nos que se divide a comunidade autónoma de Galicia, sendo o nº 2 da provincia de Pontevedra. Comprende os concellos de Catoira, Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa e A Illa de Arousa. A cabeza de partido, e por tanto sede das institucións xudiciais, é Vilagarcía de Arousa que conta con tres Xulgados de Primeira Instancia e Instrución.

En primeiro termo achegámonos aos datos xerais do número de mulleres asasinadas a mans dos seus agresores a nivel do Estado Español e Comunidade Autónoma, dende o 2004 ata o 2020.


Gráfico-36. Evolución do NÚMERO DE VÍTIMAS MORTAIS POR VIOLENCIA DE XÉNERO.
España - Galicia. 2004-2020



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

O gráfico anterior (36), indica que desde 2004 e ata 2020 foron asasinadas no Estado Español 1007 mulleres cando o agresor é o cónxuxe, excónxuxe, compañeiro sentimental, excompañeiro sentimental, noivo ou exnoivo, 59 delas en Galicia. Aínda que este número é inasumible, cómpre lembrar que as estatísticas non recollen ás vítimas de violencia de xénero que se suicidan entendendo que esta é a única saída a súa situación, nin os e as menores asasinadas como estratexia de “castigo” do maltratador (violencia vicaria) nin a terceiras persoas que fosen asasinadas por ter relación coa muller vítima. Tampouco estas estatísticas oficiais recadan aínda os datos das mulleres que, vítimas de violencia de xénero, non se integraban no artigo 1da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de diciembre, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero a data 24/08/2021 (*“a presente Lei ten por obxecto actuar contra a violencia que, como manifestación da discriminación, a situación de desigualdade e as relacións de poder dos homes sobre as mulleres, se exerce sobre estas por parte de quen sexan ou foran os seus cónxuxes ou de quen estiveran ligados a elas por relacións semellantes de afectividade, aínda sen convivencia”*).

Gráfico-37. Evolución da TAXA DE VÍTIMAS MORTAIS POR VIOLENCIA DE XÉNERO por MILLÓN DE MULLERES. **España - Galicia.** 2004-2020



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE


Para analizar máis correctamente a comparación das vítimas mortais en Galicia con respecto a España, o gráfico 37 amosa a proporción de vítimas mortais por millón de mulleres, vendo como dos 17 anos analizados, en 9 a taxa galega foi inferior á estatal, en 2018 coincidiu e sete veces superou a taxa española (en 2007, 2008, 2012, 2014, 2015, 2016 e 2020). Por outra banda é preocupante que, mentres a nivel estatal a tendencia é decrecente, en Galicia se dea a tendencia inversa.

Táboa 17. Evolución de DENUNCIAS POR VIOLENCIA DE XÉNERO. **España - Galicia.** 2010 - 2020

	Nº de denuncias		Taxa por millón de mulleres	
	España	Galicia	España	Galicia
2010	134105	5694	5270	3680
2011	134002	5663	5153	3600
2012	128477	5419	4788	3353
2013	124893	5279	5174	3639
2014	126742	5367	5209	3681
2015	129193	5472	5210	3701
2016	143535	6071	5683	4054
2017	166260	7014	6436	4606
2018	166961	7010	6537	4683
2019	168168	7003	6551	4692
2020	150804	6246	6078	4353

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

Gráfico-38. Evolución da TAXA DE DENUNCIAS POR VIOLENCIA DE XÉNERO por MILLÓN DE MULLERES.
España - Galicia. 2010-2020



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

Segundo a táboa 17 e o gráfico 38, no marco galego observamos un aumento de denuncias a partir de 2015 e un descenso (máis brusco na taxa estatal que na autonómica) en 2020 condicionado, presuntamente, pola situación de pandemia sanitaria e confinamento.

Táboa 18. Evolución de DENUNCIAS POR VIOLENCIA DE XÉNERO.
Provincia Pontevedra - Galicia. 2010 – 2020

	Nº de denuncias	
	Provincia Pontevedra	Galicia
2010	2086	5694
2011	2179	5663
2012	2210	5419
2013	2376	5279
2014	2230	5367
2015	2196	5472
2016	2196	6071
2017	2498	7014
2018	2370	7010



2019	2346	7003
2020	2102	6246

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE e Consello Xeral do Poder Xudicial

É interesante sinalar como as denuncias de mulleres da provincia de Pontevedra representan unha media do 37% das totais de Galicia, o que se pode ler como que case 4 de cada 10 mulleres galegas que presentan denuncia o fan na provincia de Pontevedra.


Este dato, ao igual que cando aumentan as denuncias, só pode ser valorado en positivo, aínda cando a realidade particular detrás de cada denuncia sexa desoladora. Coñecemos que as denuncias son a punta do iceberg; que o número de mulleres que sofren violencia e non a denuncia son a inmensa maioría. Pero tamén sabemos que é nos territorios dotados con máis e mellores servizos e onde maior é a sensibilización cidadá, onde as mulleres se senten máis seguras e apoiadas para dar o paso de denunciar.

Co obxectivo de achegarnos á realidade do concello de Vilagarcía de Arousa, imos analizar os datos do partido xudicial no que se atopa adscrito, polo que empregamos como fonte os Boletíns estatísticos do Observatorio contra a violencia doméstica e de xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial que fan referencia á violencia de xénero regulada pola Lei Integral de 2004.

Recordar que o Partido Xudicial de Vilagarcía de Arousa é un dos 45 partidos xudiciais nos que se divide a comunidade autónoma de Galicia, sendo o partido xudicial nº 2 da provincia de Pontevedra. Comprende os concellos de Catoira, A Illa de Arousa, Vilanova de Arousa e Vilagarcía de Arousa que suman unha poboación de 56.118 habitantes⁶ (o 5,94% da provincia). Vilagarcía é cabeza de partido, e por tanto sede das institucións xudiciais. A dirección do partido xudicial sitúase na Avenida da Mariña da localidade e conta con tres Xulgados de Primeira Instancia e Instrución

Gráfico-39. Evolución do NÚMERO DE DENUNCIAS POR VIOLENCIA DE XÉNERO.
Partido Xudicial Vilagarcía. 2010 - 2020

⁶ Poboación a 01/01/2021. Fonte: INE



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Consello Xeral do Poder Xudicial

O gráfico 39, amosa unha suba no ano 2012 seguida de tres anos dun forte descenso das denuncias especialmente significativo en 2015 onde só 47 denuncias chegaron aos Xulgados de Vilagarcía. No estudo dos últimos dez anos, obsérvase unha alta variabilidade no número de denuncias, con diferencias de ata o 50% dun ano para outro, sendo a media de denuncias/ano de 115.

Non podemos coñecer con certeza o número que corresponde ao concello de Vilagarcía do total de denuncias do partido xudicial, non obstante, o 66,9% da poboación deste partido xudicial en 2021 corresponde ao concello vilagarcían.

Co obxecto de profundar na realidade de Vilagarcía, podemos comparar os datos extraídos con outros partidos xudiciais da contorna.

Os partidos xudiciais sobre os que extraemos datos son: Pontevedra⁷, Cangas do Morrazo⁸; Cambados⁹; Caldas de Reis¹⁰, Ribeira¹¹ e Padrón¹². A elección destes partidos xudiciais ven determinada por conter municipios limítrofes co de Vilagarcía, representar territorios con volumes de poboación similares ou incluír concellos significativos .

Táboa 19. Poboación por Partido Xudicial. 2021.

	Poboación	% poboación P.X. Vilagarcía
Vilagarcía de Arousa	56.118	-
Pontevedra	116.042	206,7%
Cangas do Morrazo	52.159	92,9%
Cambados	57.274	102%
Caldas de Reis	35.652	63,5%
Ribeira	55.085	98,2%
Padrón	26.524	47,2%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE

Á vista da táboa 19 e empregando como ítem comparativo a poboación do partido xudicial de Vilagarcía coa poboación do resto de partidos seleccionados, debemos ter en conta en adiante que o partido xudicial de Vilagarcía de Arousa:

- É algo menos da metade, en número de habitantes, do de Pontevedra.
- É similar, en número de habitantes aos de Cambados, Ribeira e Cangas de Morrazo.
- Ten un terzo máis de habitantes que o de Caldas de Reis.
- Duplica, en número de habitantes, o de Padrón.

⁷ Partido Xudicial **Nº4** da provincia de Pontevedra composto polos concellos de *Cerdedo-Cotobade, A Lama, Poio, Ponte Caldelas e Pontevedra*. Conta con 116.042 habitantes.

⁸ Partido Xudicial **Nº7** da provincia de Pontevedra que comprende os concellos de **Cangas**, Moaña e *Vilaboa*. Suma 52.159 habitantes.

⁹ Partido Xudicial **Nº9** da provincia de Pontevedra composto por: **Cambados**, O Grove, Meaño, Meis, Ribadumia e Sanxenxo. Suma 57.274 habitantes.


¹⁰ Partido Xudicial **Nº12** da provincia de Pontevedra composto por: *Barro, Caldas de Reis, Campo Lameiro, Cuntis, Moraña, Pontecesures, Portas e Valga*. Suma 35.652 habitantes.

¹¹ Partido Xudicial **Nº10** da provincia de A Coruña composto polos concellos de *Boiro, A Pobra do Caramiñal e Ribeira*. Suma 55.085 habitantes.

¹² Partido Xudicial **Nº13** da provincia de A Coruña composto polos concellos de *Dodro, Padrón, Rianxo e Rois*. Suma 26.524 habitantes.

En relación ás denuncias recolleemos, no seguinte gráfico, o número das mesmas nos partidos xudiciais de Vilagarcía de Arousa, Pontevedra, Cangas do Morrazo, Cambados, Caldas de Reis, Ribeira e Padrón.

Gráfico-40. NÚMERO DE DENUNCIAS POR VIOLENCIA DE XÉNERO. PX Vilagarcía, Pontevedra, Cangas do Morrazo, Cambados, Caldas de Reis, Ribeira e Padrón. (2020)




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Consello do Poder Xudicial

O partido xudicial de Pontevedra é o que presenta un maior número de denuncias por violencia de xénero en termos absolutos en relación aos outros partidos xudiciais estudados, seguido do de Ribeira e Vilagarcía, pero hai que ter en conta que Pontevedra duplica en poboación a Vilagarcía.

Outro dato vencellado ao número de denuncias é o das persoas que se acollen á *dispensa da obriga a declarar*¹³ que visualizamos no seguinte gráfico e que amosa o número de casos nos que a vítima se acolle a dita dispensa en relación co número total de denuncias.

Gráfico-41. RATIO ACOLLEMENTOS Á DISPENSA DA OBRIGA A DECLARAR/DENUNCIAS. PX Vilagarcía, Pontevedra, Cangas do Morrazo, Cambados, Caldas de Reis, Ribeira e Padrón. (2020)



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Consello do Poder Xudicial

Vilagarcía, xunto con Ribeira, Caldas de Reis e Cangas do Morrazo son os partidos xudiciais onde as vítimas utilizan menos esta dispensa (zero casos en 2020). Pola contra, o partido xudicial de


¹³ Aspecto recollido no *artigo 416 da Lei de Enxuzamento Criminal* e que permite que a vítima, na súa condición de cónxuxe ou persoa unida por relación de feito análoga á matrimonial, estea exenta da obriga de declarar.

Pontevedra, xunto co de Cambados e Padrón son os que presentan maior porcentaxe de vítimas que optan por non declarar.

En adiante analizamos a información relativa ás ordes de protección. As ordes de protección – en adiante OP-, son resolucións xudiciais que consagra o “estatuto de protección integral” das vítimas de violencia doméstica, mediante a adopción, por un mesmo órgano xurisdiccional, de medidas cautelares penais e civís, activando outras medidas de asistencia social.

Neste punto é preciso clarexar que os datos expostos sobre OP recóllense do Portal Estadístico de la Delegación del Gobierno para la Violencia de Género, que utiliza como fonte o Consejo General del Poder Judicial (CGPJ). Estes datos reflicten as Ordes de Protección incoadas, así como o seu estado (adoptadas, denegadas, pendentes e inadmitidas) única e exclusivamente no ano de referencia, do mesmo xeito refírense ás dictadas no partido xudicial de mención explícita.

Gráfico-42. Evolución das ORDES DE PROTECCIÓN. **Prov. Pontevedra. 2010-2020**




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Consello do Poder Xudicial

Na provincia de Pontevedra (gráfico 42) o ano con máis OP incoadas foi o 2019 con 630 seguido do 2020 con 612 e os anos con menos foron o 2011 e o 2016 con 468 e 475, respectivamente. Non obstante, o ano cunha porcentaxe maior de OP adoptadas foi o 2010 co 67,4%, no caso inverso o 2012 contou cun 46,6% de ordes adoptadas.

No transcurso destes once anos analizados a media de OP incoadas é de 555 e a media da proporción de OP adoptadas sobre o total das incoadas foi do 57,3%.

Gráfico-43. Evolución das ORDES DE PROTECCIÓN **Partido xudicial de Vilagarcía**. 2010 – 2020



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero

Finalmente amosamos a análise das OP no partido xudicial de Vilagarcía de Arousa (gráfico 43). Ollando este gráfico o mais salientable son as grandes oscilacións interanuais, a tal forma que o ano de maior número de OP incoadas (2019) fai sete veces das do ano con menos (2013).


Con respecto ao último ano con datos dispoñibles, 2020, destaca o forte descenso producido nas OP incoadas con respecto ao ano anterior e mesmo á media dos dez anos anteriores.

En relación coas OP adoptadas, destaca que nalgúns anos a porcentaxe de adopción de OP é moi elevada (97% en 2010; 92,5% en 2015; 86,6% en 2011 e 80% en 2019) fronte ao 2013 no que só se aprobaron o 25% das -escasas- OP incoadas.

A media de OP incoadas nestes once anos é de 31 (dato absoluto) e a porcentaxe media de OP adoptadas é do 67,38%, dez puntos por riba da media provincial.

Ao igual que fixemos co número de denuncias, neste punto cómpre analizar os datos doutros partidos xudiciais.

Gráfico-44. PORCENTAXE ORDES DE PROTECCIÓN. PX Vilagarcía, Pontevedra, Cangas do Morrazo, Cambados, Caldas de Reis, Ribeira e Padrón. (2020)




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Consello do Poder Xudicial

Este gráfico visualiza o total de ordes de protección incoadas, produto da suma das inadmitidas, as denegadas e as adoptadas, xa que as pendentes teñen valor “cero” en todos os partidos xudiciais analizados. Amosamos datos porcentuais, pero tamén os absolutos incluídos no gráfico.

No período de análise podemos observar as amplas diferencias entre partidos xudiciais. O partido xudicial con maior porcentaxe de OP adoptadas é o de Padrón (100%), seguido do de Ribeira (98,8%). No extremo oposto atópanse os partidos xudiciais de Caldas de Reis (14,3%) e Cangas do Morrazo (30%) seguidos polo de Pontevedra (40,5%), Cambados (52,25%) e Vilagarcía de Arousa (63,16%).

Co obxecto de mellorar a comprensión dos datos do partido xudicial de Vilagarcía de Arousa, achegamos a evolución dende o ano 2010 ata o 2020 dos partidos xudiciais de Pontevedra, Cangas do Morrazo, Cambados, Caldas de Reis, Ribeira e Padrón en canto a OP adoptadas.

Gráfico-45. EVOLUCIÓN DAS ORDES DE PROTECCIÓN ADOPTADAS nos partidos xudiciais de: Vilagarcía, Pontevedra, Cangas do Morrazo, Cambados, Caldas de Reis, Ribeira e Padrón (2010-20)



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Consello do Poder Xudicial


En liñas xerais a comparación entre partidos xudiciais sinala que:

- Salvo Ribeira e Caldas de Reis, hai un descenso xeralizado das OP adoptadas entre os anos 2019 e 2020.

- Vilagarcía, Pontevedra e Padrón conceden menos OP en 2020 que en 2010, Caldas de Reis e Cangas presentan un lixeiro aumento e Cambados e Ribeira amosan un incremento máis claro, especialmente rechamante no caso deste último partido.

Para simplificar a análise dos datos, a continuación debuxamos a proporción de Ordes e Medidas de Protección adoptadas en relación ao número de denuncias presentadas por violencia de xénero para os Partidos Xudiciais analizados.

Gráfico-46. RATIO ORDES E MEDIDAS DE PROTECCIÓN ADOPTADAS/DENUNCIAS. Px. Vilagarcía, Pontevedra, Cangas do Morrazo, Cambados, Caldas de Reis, Ribeira e Padrón (2020)



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Consello do Poder Xudicial

Podemos observar como a ratio entre as OP adoptadas no partido xudicial de Vilagarcía de Arousa en relación ao número de denuncias presentadas é a máis baixa dos partidos analizados.


Para finalizar analizamos a Forma de Terminación dos procesos de violencia de xénero nos Xulgados de Violencia sobre a Muller.

As posibles formas de terminación son a sentenza (absolutoria ou condenatoria), o sobreseimento, a elevación ao órgano competente e outras.

O sobreseimento á súa vez pode ser libre ou provisional. Será un sobreseimento libre cando non haxa indicios racionais de terse cometido o delito, cando o feito denunciado non sexa constitutivo de delito ou por exención da responsabilidade criminal do denunciado. O sobreseimento será provisional cando non resulte xustificada a perpetración do delito ou por non haber autor coñecido e determinado.


Outras formas de terminación son o desistimento, a renuncia, o allanamento...

Gráfico-47. EVOLUCIÓN na FORMA DE TERMINACIÓN. **Prov. Pontevedra (2010-2020)**



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Consello do Poder Xudicial

Gráfico-48. Distribución Porcentual segundo FORMA DE TERMINACIÓN. Px. Vilagarcía de Arousa, Pontevedra, Cangas do Morrazo, Cambados, Caldas de Reis, Ribeira e Padrón (2020)



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Consello do Poder Xudicial

No gráfico 47 visualizamos como o sobreseimiento provisional é a forma máis frecuente de terminación nos asuntos de violencia de xénero na provincia de Pontevedra, rematando así polo menos unha de cada dúas denuncias desde 2010, a excepción dos anos 2011 e 2012 nos que a porcentaxe de sobreseimiento provisional foi inferior ao 50%.

Comparando o partido xudicial de Vilagarcía de Arousa cos da súa contorna (gráfico 48) vemos como o de Vilagarcía é o que máis se asemella ao provincial no último dato de estudo, estando lixeiramente por baixo na porcentaxe de sentenzas condenatorias.

En canto á porcentaxe de sentenzas condenatorias, só Ribeira e Pontevedra estiveron por riba da media provincial.

Como peche deste apartado de violencias machistas, podemos extraer as seguintes conclusións en canto ao partido xudicial de Vilagarcía de Arousa:

- Presenta unha alta variabilidade no número de denuncias, con diferencias de ata o 50% dun ano para outro, sendo a media de denuncias por ano de 115, cifra que foi superada nos dous últimos anos de estudo, 2019 e 2020 o que pode supoñer o inicio dunha tendencia ascendente nas denuncias de manterse nos próximos anos.
- É un dos partidos xudiciais onde as vítimas menos se acollen á dispensa da obriga a declarar (cerca de 0 casos en 2020).
- En canto ás Ordes de Protección incoadas e adoptadas, hai grandes diferencias entre uns anos e outros. A media de OP incoadas entre 2010 e 2020 é de 31 (dato absoluto) e a porcentaxe media de OP adoptadas é do 67,38%, dez puntos por riba da media provincial.
- Pola contra, a ratio entre OP adoptadas e as denuncias presentadas é a máis baixa dos partidos analizados (11,8%), consecuencia dunha menor solicitude de OP no partido de Vilagarcía.
- Como no resto de territorios estudados, o sobresemento provisional é a forma máis frecuente de terminación nos asuntos de violencia de xénero (52,5%), seguido da elevación ao órgano competente (15,1%), a sentenza condenatoria e outras formas de terminación (ambos 14,4%)